



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 19 DE NOVEMBRO DE 2018.

ASISTENTES:

Alcalde-presidente

D. XOSE CARLOS VALCARCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as

D. VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D. JOSE RAFAEL SIERRA CARRIL (PSdeG-PSOE)

D. ADRIAN VARELA VAZQUEZ (PSdeG-PSOE)

D. XOSE MANOEL FIRVIDA PLAZA (BNG)

D. ANXELA GONZÁLEZ CID (BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PEREZ (BNG)

D. M^a CONSUELO VISPO SEARA (PP)

D. MANUEL GONZÁLEZ VÁZQUEZ (PP)

D. JUAN CARLOS VILLANUEVA FERNÁNDEZ (PP)

D. NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. MANUEL ANGEL FERNÁNDEZ QUINTAS (PP)

D^a MIRIAM PRIETO VALDES (PP)

D.^a SANTIAGO GONZÁLEZ PEITEADO (DO)

D.^a SERAFINA VARELAS VIEIRIA (DO)

D. RAMÓN PADRÓN CALVIÑO (GRUPO MIXTO)

Ausentes:

D. MARGARITA PEREZ FERNANDEZ (PSdeG-PSOE)

Secretaria

D^a SILVIA ALONSO FERNÁNDEZ

No salón de Plenos da Casa do concello de Barbadás, sendo as 19:00 horas do día 19 de NOVEMBRO de 2018 reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, o concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.



PARTE RESOLUTIVA

O Sr. Alcalde toma a palabra: Boas tardes a todos e a todas. Benvidos ao público en xeral que está aquí, desta forma tan importante. Benvidos e benvidas. Iso é importante para nós tamén, que acudan a estes plenos. Boa tarde tamén aos concelleiros e ás concelleiras. Este é un pleno extraordinario que se celebra a petición do Partido Popular, que ten na orde do día, tres puntos. Empezamos polo tanto polo primeiro. Sinalar que neste caso, nun pleno extraordinario non hai rogos e preguntas e o pleno cínguese aos tres puntos do grupo que presenta a petición de pleno extraordinario. Recordarlles que os tempos de intervención son cinco minutos na primeira intervención, tres minutos na segunda, e un último minuto para o partido ou grupo que presenta a proposta. Agradezo e vou ser cumpridor dos tempos. Insisto, creo que temos tempo dabondo para debater estes puntos nos tempos que nos marca o regulamento municipal.

1. SOLICITUDE DO PARTIDO POPULAR DA DIMISIÓN INMEDIATA DO CONCELLEIRO DE SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E PARTICIPACIÓN VECIÑAL, SEÑOR SERAFÍN NÚÑEZ PÉREZ

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra, polo tanto, o voceiro ou voceira do Partido Popular no punto primeiro que é solicitar a dimisión inmediata do Concelleiro de Servizos Sociais, Sanidade e Participación Veciñal, señor Serafín Núñez Pérez. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Boas tardes a todos os asistentes a este pleno, concelleiros e concelleiras, compañeiros. Vou facer un relato da exposición de motivos. O concelleiro de Servizos Sociais, don Serafín Núñez Pérez, foi citado o pasado luns en calidade de investigado polo Xulgado de Instrución nº1 de Ourense, tras ser aceptada a trámite unha querela criminal contra o edil, presentada por unha funcionaria do Concello de Barbadás por supostos delitos de acoso laboral, lesións, prevaricación e usurpación de funcións. Unha situación de hostigamento e persecución que ven ocorrendo dende maio do 2015, coa entrada no goberno local de Barbadás do concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, don Serafín Núñez Pérez. A traballadora manifesta na súa denuncia un control específico e unha actitude hostil e agresiva, as cales obrigárona a permaneces de baixa máis dunha vez por lesións psicolóxicas. Na fase de instrución do caso do investigado, Sr. Núñez, declarou o día 5 de novembro, así como dúas persoas en calidade de testemuñas. O Partido Popular de



CONCELLO DE BARBADÁS

Barbadás ante a gravidade de tales feitos, toma a decisión de solicitar un pleno extraordinario, e poñer en coñecemento do plenario e dos veciños de Barbadás que dita situación xa foi comunicada ao señor Alcalde deste concello, don Xosé Carlos Valcárcel e outros concelleiros, ben persoalmente pola funcionaria afectada, en diversas ocasións, a través de diferentes comunicacións, telemáticas, orais ou ben directamente polos representantes legais dos traballadores deste concello. E na mesa de negociación ao señor Alcalde, sen que a corporación municipal adoptase ningún tipo de medida, máis ben todo o contrario. En diversas ocasións chegouse a lexitimar a actuación do concelleiro, apartada dos parámetros da legalidade ordinaria. O Partido Popular de Barbadás, pon en coñecemento do plenario, como xa fixo noutras ocasións, que somos coñecedores de que noutras áreas do concello, dependentes do señor Serafín Núñez, producíanse actitudes de hostigamento e trato vexatorio. Aínda que non existan denuncias, o seu trato con diversos traballadores do concello non é o axeitado, nin amable nin comunicativo, todo o contrario, autoritario e vexatorio. Definición de acoso laboral, é o encadeamento sobre un período de tempo bastante curto de intentos ou accións hostís consumadas ou expresadas, ou manifestas, por unha ou varias persoas cara unha terceira, constituíndo un proceso de destrución que se compón dunha serie de accións hostís, que tomadas de forma illada poderían parecer carentes de significado, pero cuxa repetición constante, plantexa graves prexuízos á persoa afectada. Os acosadores non son persoas que atenten contra a honra ou intimidade unha soa vez senón que son reincidentes. Solen acosar a unha vítima varias veces. Nós, tamén somos responsables cando puidemos ser testemuñas ou coñecedores dos feitos e simplemente ignoramos e miramos cara outro lado. Con esta actitude estamos consentindo este tipo de actuacións. Señora Ánxela González, fágolle unha pregunta, como pode defender ao seu compañeiro de bancada e partido, ante acusacións como acoso laboral e lesións a unha funcionaria, vexacións e malos modos e incluso gritos a outras traballadoras?. Perdoe que lle diga pero vostede perdeu toda a credibilidade ante os veciños de Barbadás e a súa loita en prol do feminismo, mellor dito, digo eu a vostede, un fraude do feminismo. Trinta e cinco mil euros tirados en reivindicar algo que vostede non cre, ou xa houbera vostede dimitido, ou tomaría as medidas oportunas para que o señor Serafín o fixera. Mire, aprendan dos seus compañeiros de Arteixo, Bloque Nacionalista Galego, que con data 31 de outubro, recentemente, levaron ao pleno dese concello unha moción para reclamar un protocolo contra o acoso laboral, para os traballadores do mesmo. Haberanse decatado do que ocorría a un compañeiro das súas filas no Concello de Barbadás? Señor Alcalde, señores concelleiros do Grupo de Goberno e compañeiros da oposición, eran coñecedores deste tipo de actuacións por parte do señor Serafín Núñez? Correos,



CONCELLO DE BARBADÁS

reunións reiterativas coa denunciante, informes dos sindicatos, e fágome a pregunta, para onde miraron todos vostedes? Contéstolles, para outro lado. Supostamente son cómplices das actitudes hostís do señor Serafín Núñez e incluso poden derivar en responsabilidades penais. O Partido Popular, non pode mirar para outro lado, actúa con responsabilidade. Trouxo en varias ocasións mocións, preguntas e rogos a este plenario, comunicando o malestar de varios traballadores ante as actitudes do concelleiro de Servizos Sociais e que fixeron vostedes? Sigo preguntándolles. Mirar cara outro lado. Incluindo ao nosos compañeiros da oposición.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señora Chelo, leva cinco minutos dezaoito segundos. Ten unha segunda intervención. Advertín

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Un minuto.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Un minuto non, ten tres minutos na segunda intervención, señora Chelo Vispo. Eu advertín dende o primeiro momento que eran cinco minutos, tres minutos e un minuto. Van cinco minutos dezaoito segundos.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): A democracia vese neste concello. Moitas grazas, señor Alcalde.

O Sr. Alcalde toma a palabra: A democracia vese cumprindo o Regulamento Orgánico Municipal, señora Chelo. Dende o primeiro momento advertín dos tempos. Saben que son eses os tempos marcados e negociados por todos os grupos políticos deste concello, desta corporación. Polo tanto, cumprimos cos tempos e incluso nos excedemos un pouquiño. Polo tanto a democracia está aquí refrendada. Señor Ramón Padrón, ten cinco minutos.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Moitas grazas. Benvidos a todas e a todos. En primeiro lugar, dende Compromiso por Barbadás, queremos deixar claro a irresponsabilidade do Partido Popular de convocar un pleno extraordinario cando isto se puido traer no pleno de fai unha semana, ou de fai dúas semanas, ou incluso no pleno de decembro. Polo tanto, meten nun gasto aos veciños e deixan clara a súa responsabilidade canto terían moitísimo máis tempo para falar deste tema nun pleno ordinario e non hoxe. En segundo lugar, sobre o tema que nos, e non converter isto nun espectáculo. En segundo lugar, no tema que nos compete, este concelleiro de Compromiso por Barbadás, da oposición, recibiu notificación desta problemática, o día 15 de novembro por correo electrónico da señora en cuestión, que fai a denuncia por acoso, lesións, prevaricación e usurpación de funcións. Dende o noso grupo, queremos deixar claro que ata esa data, non tiñamos nin coñecemento por parte dos sindicatos, nin coñecemento por parte da señora traballadora, cando o Partido Popular, si era coñecedor disto, incluso na nota de prensa que saíu no periódico La Región, onde se informaba da



CONCELLO DE BARBADÁS

querela presentada pola traballadora, acabábase dicindo que o Partido Popular, convocaría un pleno extraordinario. Non sei se ese xornal lle pregunta ao resto dos partidos da oposición o que teñen pensado facer, ou se é que a nota de prensa a mandou o Partido Popular cando xa a información e tiña o correo desa traballadora moito antes ca este grupo que nós representamos. Polo tanto, unha cousa está clara, hai que ter claro sempre a presunción de inocencia dunha persoa. Non podemos nós actuar aquí como acusadores cando isto se dirime nun xulgado no que poderíamos estar calquera de nós. Polo tanto, iso sería o primeiro punto. Dende o noso grupo, non vamos a dar razóns, nin a quitar razóns. Unha vez que hai unha querela presentada, pois o xulgado dirá quen ten ou non ten a razón. Está claro que estamos en contra de todas estas prácticas, se é que existen e hai que erradicalas do noso concello se é que se demostra que realmente existiron. E o que tamén queremos deixar constancia, claramente aquí, e niso tamén durante estes tres anos, nalgunha ocasión o denunciemos aquí no pleno, é o mal funcionamento de servizos sociais, pero malo, malísimo. Porque, non é posible que seis traballadoras estean cinco, seis traballadoras de baixa, que haxa agora unha querela presentada pola señora, a funcionaria, non vou a dicir o nome agora mesmo. Algo está funcionando mal e nós xa dixemos que funcionaba mal. Hai queixas por parte dos, da persoas que reciben o servizo de dependencia e algunha explicación terá que dar o concelleiro, sobre o tema da xestión do servizo. E logo, o tema de acoso, lexións, prevaricación, usurpación, xa o dirá o xulgado e xa porá a cada un no seu sitio. Nada máis.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Ramón. Ten a palabra o voceiro ou voceira de Democracia Orensana. Insisto nos cinco minutos que se poden ampliar un pouquiño, pero o xusto.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Boas tardes a todos, ao público en especial e a vós, os compañeiros. Dicirvos que cando tiven a notificación deste pleno deume mágoa. É un pleno ao cal non me gustaría asistir, pero pola miña obriga aquí estou. Dicirvos que o pleno mireino, os puntos dende todos os ángulos. Mireinos moralmente e legalmente porque este é un tema sumamente grave, para miralo dende moitos puntos de vista. Legalmente, vou a ler o que redactei porque, a veces, cando hai cousas tan importantes, os nervios pois fallan e pódome esquecer dalgunhas cousas que quero dicir. Legalmente. Ante a denuncia presentada contra o concelleiro Serafín Núñez, delito de acoso laboral, a posición de Democracia Orensana, ao igual que noutros supostos de semellantes características, é o máis escrupuloso respecto ao principio de presunción de inocencia. Máxime cando non se ten coñecemento en detalle dos termos da denuncia e dos indicios de veracidade que poden existir. Sentado cantos antecedentes e como queira que a cuestión está subjúdice, Democracia



CONCELLO DE BARBADÁS

Orensana permanecerá atenta ao devir dos acontecementos xudiciais e no suposto que por parte do xuíz de instrución, se adopte algún tipo de medidas cautelares contra o referido concelleiro ou no seu caso, decrétese apertura de xuízo oral contra o mesmo, esixiráselle responsabilidades políticas que houbera lugar. Isto, quero dicir, falando coloquialmente que nós non somos xuíces. Penso que ningún dos que estamos aquí somos quen de xulgar a un compañeiro. Por que xulgar? Porque a esta persoa estámola acusando. Si, estámola acusando. E penso que para acusar a unha persoa hai que ter probas. Neste momento é certo que admitiron a trámite, un xuíz admitiu a trámite esta denuncia porque ve indicios, pero tamén é certo que despois de falar eu cun xuíz de Ourense, díxome que moitas denuncias que se admiten a trámite por indicios, que acaban desestimándose no período de aportación de probas. Por tanto, penso, que este non era o momento, nin o xeito de xulgar a un compañeiro. Por que? Porque isto, pódenos pasar a calquera de nós se chegáramos a estar gobernando. Despois xa de escoitar a varias partes, a Serafín, escoitar ao avogado da persoa, unha funcionaria, incluso falar con xente do concello, porque para ter máis coñecemento púxenme en contacto con bastante xente. Penso que moitas cousas que se lle acusa ao concelleiro, Serafín, son inxustas, porque unha das cousas que me dicía o avogado da persoa esta é que o señor Serafín Núñez, controláballe os horarios, que lle controlaba o horario de saída e de entrada. E eu preguntome, que problema hai que un responsable, coma neste caso, controle os horarios dun funcionario? Pois a min paréceme o máis lóxico. É máis, eu creo, cremos dende Democracia Orensana, que tería que haber máis control sobre a entrada e saída de todos os funcionarios do concello. É unha medida que me gustaría levar máis adiante nunha moción. Isto quere dicir que acusarse diso, acusalo diso, pois sinceramente acusar a unha persoa de facer ben o seu traballo, que a xente cumpra cos seus horarios, paréceme ridículo. Por outra banda, dicirlle que facer un pleno extraordinario para este punto, querer sacar réditos políticos, é triste e nefasto porque, non, non se actúa así. Ou se actúa ao principio de todo ou se deixa á xustiza facer a súa labor, e aquí xa se están dando valores, xuízos sen a xustiza. Dáme mágoa, que a señora Chelo Vispo, avogue á señora Ánxela con feminidade. Eu non entendo aquí. Aquí non se está tratando un caso por ser muller ou home. Aquí estase tratando a un traballador. Dá igual que sexa home ca muller. Vostede xa está facendo xuízo de valores, señora Chelo. Xa está querendo meter a unha compañeira, nunha porta, que eu sabía que ía saír por aí, sen estar con vostede xa sabía que ía falar por aí, e iso é un pouco triste. Por outra banda, é moi triste o comunicado que sacou La Región dicindo que a esta persoa se lle acusa de lesións. Acoso e lesións, prevaricación e usurpación de funcións. Cando se pon lesións, hai que poñer que clase de lesións porque a min chegoume algún veciño a dicir, “uy! que pasa en Barbadás?”, e logo



CONCELLO DE BARBADÁS

o concelleiro anda a golpes coa xente”. Pois poñer lesións psicolóxicas porque hai moito tipo de lesións. Penso que é algo sumamente grave para deixalo así, neste punto ambiguo. Polo tanto, dicirvos a todos que é unha mágoa que estamos aquí reunidos por iso.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señora Fina ten que ir rematando, por favor.

A Sra. Varela toma a palabra (DO): Podo seguir despois. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Por favor. Agradézollo. Agradézollo. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde. Tamén cinco minutos, por favor.

O Sr. Fírvida toma a palabra: Boas tardes a todas e a todo o público asistente, compañeiras e compañeiros de corporación. Estamos hoxe aquí porque o principal partido da oposición, recalco, partido da oposición, pretende unha dimisión de catro persoas do goberno, entre as que se atopa o señor Alcalde, o señor Tenente Alcalde, ademais dun Concelleiro, concelleiro de Servizos Sociais, e unha Concelleira, a compañeira de Urbanismo, Obras e Servizos. E preténdeno, pretenden que dimitamos a escasos seis meses das eleccións municipais. Vostedes me dirán se realmente pensan que a seis meses das eleccións municipais, imos admitir algo así. A súa torpeza é tal, que non foron capaces de definir unha estratexia de oposición que os situase ao longo deste mandato como cabezas visibles da oposición, a pe de rúa, o que supón non só que non se lles vexa coma alternativa de goberno, senón que non se lles vexa liderando unha oposición sendo como son, o grupo máis votado. A perda do goberno de Barbadás, foi algo que nunca asumiron con dignidade, unicamente foron capaces de lanzar a súa frustración, primeiro contra Compromiso por Barbadás, por apoiar este goberno e despois contra Democracia Orensana, porque segundo vostedes son os nosos aliados. E nesas trifulcas andiveron estes anos, nos que chegaron a confundir oposición con goberno e goberno con oposición. Cando se tendían pontes de diálogo nun goberno que en minoría, chegou ata aquí grazas á capacidade de diálogo co resto dos grupos políticos que conforman este pleno. A súa incapacidade de diálogo, a súa prepotencia, a súa falta de seriedade na política, déixaos a vostedes nunha soidade que moito lles ten pesado estes anos. Unha soidade que vostedes mesmos teñen recoñecido en diferentes momentos, cando atacan mesmo persoalmente a membros da oposición. Unha soidade derivada da súa falta de compromiso coa política de verdade. Coa política de diálogo e os pactos, do entendemento. Coa política das persoas. E como xa dixeron, unha soidade que lles pesa e que lles produce unha insatisfacción e unha frustración que son incapaces de canalizar. Tráennos hoxe aquí unha moción de censura encuberta, pedindo a dimisión de catro cargos do goberno, xusto a metade dos que o formamos coa única finalidade de enlamar todo. Eu diría incluso que demostran con



CONCELLO DE BARBADÁS

isto, unha covardía enorme, pretendendo dimisións que ocultan que vostedes en catro anos non foron quen de conseguir os apoios necesarios, para unha moción de censura a pesar dos intentos. Porque díganme unha cousa, verdade que pensaron que non duraríamos nin un ano? Que Bloque Nacionalista Galego e Partido Socialista en minoría, non era capaz de aguantar catro anos ao fronte do goberno de Barbadás? A situación era complicada, recoñecémolo, pero fomos quen de atopar os puntos de encontro entre nós e a oposición, algo que vostedes, señoras e señores do Partido Popular, non toleran. E miren, dende o goberno de Barbadás, lanzámoslle un reto, busquen os apoios necesarios e fagan a moción de censura a seis meses das eleccións, e se o conseguen, nós ímonos porque as regras de xogo son estas, e nós asumíremolas, como non podería ser doutro xeito. Pero fágao limpamente, a cara descuberta. Fágao con diálogo, con propostas de goberno, contando coa posición que teñen ao seu carón sentada. Fágao explicándolle á xente que queren volver ao pasado, ao caciquismo, ao clientelismo, á desidia na acción de goberno e na inacción política. Nós, animámoslos a plantexar as cousas como son, a cara descuberta e limpamente porque iso é o que define a cada quen. Máis vostedes prefiren o método encuberto, aproveitando o máis mínimo resquicio para pedir dimisións dun goberno que por outro lado vai ser valorado dentro de poucos meses. Máis vostedes teñen moita presa. Hai unha semana pedíannos no pleno que fixésemos unha avaliación, uns exames, unhas probas ou algo semellante, e agora xa piden a dimisión de medio goberno por diferentes causas, e así seguimos día tras día. Evidentemente vostedes saben que este pleno é o pleno do absurdo. Se Valle Inclán levantara a cabeza volvería a escribir o Esperpento. Un pleno no que se piden catro dimisións por razóns dispares. Como digo, retrátanse como oposición, coa mesma nota coa que se retrataron no goberno ante a cidadanía. Señoras e señores do Partido Popular, non son eu quen para facer premonicións en torno ao que acontecerá no mes de maio, máis o que si lles podó dicir, é que lles vería moi ben, repetir outro curso máis

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar

O Sr. Fírvida toma a palabra: Na oposición porque non lles chegan nin á sola dos zapatos a oposición que se senta no seu lado

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar

O Sr. Fírvida toma a palabra: Segó na segunda intervención.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Cinco minutos dezaioito segundos. Os mesmos que vostede, señora Chelo, nin máis nin menos. Está o Partido Popular na quenda de palabra, ten tres minutos agora.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Señor Alcalde, será que non toma as medidas oportunas e non





CONCELLO DE BARBADÁS

actúa coa responsabilidade que debera, xa que é unha área do Bloque Nacionalista Galego? Socios de negocio pero con medo a que se toma a decisión correcta prodúzase a rotura do pacto de goberno que o mantén sentado nesa cadeira. Mire, señor Alcalde, vostede é o máximo responsable deste concello, con socios ou sen socios. E a súa prioridade é velar polo benestar e a seguridade dos veciños de Barbadás e todos os traballadores deste concello sen excepción ningunha. O Partido Popular é coñecedor dende hoxe á mañá dunhas irregularidades da gardería municipal, a través dun escrito presentado en Política Social, Concello de Barbadás e un sindicato. Dito escrito comunica que se están a producir comportamentos e actuacións por parte do concelleiro responsable deste servizo, señor Serafín Núñez Pérez e a coordinadora da mesma que dificultan o correcto desenvolvemento da actividade da gardería. As mesmas, están repercutindo directamente na atención dos nenos e nenas, de cero a tres anos, que están matriculados na escola infantil. Firmaron todas as traballadores menos a coordinadora, señor Sarín. Lémolas e son consideradas de máxima gravidade. Entre elas abuso de autoridade por parte do concelleiro de área, vostede mesmo. Incumprimento dos horarios pautados para subministrar as comidas aos pequenos. Redución considerable de calidade e de cantidade de alimentos aos nenos e nenas. Así están once puntos e non vou a seguir léndoos, que indícanos a mala xestión e atención aos nosos máis pequenos por parte da coordinadora e concelleiro desta área. Estas irregularidades, xa foron comunicadas nunha reunión fai poucos meses, e que fixo vostede, señor Sarín? Mirar para outro lado. Mire, non somos quen de xulgar, como dicía ben a miña compañeira, a denuncia da funcionaria, para iso están os xulgados. O Partido Popular de Barbadás con seis concelleiros na oposición, está obrigado a velar pola seguridade dos traballadores deste concello e polo servizos que se prestan aos veciños de Barbadás. Estamos en minoría, e en moitos casos faise caso omiso ás nosas advertencias, pero teñan a seguridade de que tomaremos as medidas legais para que os nosos pequenos na gardería municipal e dígoo moi alto, eh!, e nosos maiores en atención a domicilio, teñan os mellores coidados e se deixen de producir irregularidades, que nos poden levar a consecuencias irreversibles. Ante estes feitos de máxima gravidade que relatamos, o Partido Popular de Barbadás, pide a dimisión inmediata do señor Serafín Núñez Pérez, por entender que non pode estar ao cargo de áreas, de dúas áreas tan sensibles deste concello, como o coidado dos nosos pequenos e dos nosos maiores. Señor Núñez, aplíquese o código ético do seu propio partido Bloque Nacionalista Galego, que tanto sacan a relucir cando atacan a outros investigados doutros partidos. Dea exemplo e dimita. De non producirse esa dimisión, solicitaremos ao señor Alcalde que actúe conforme ás medidas preventivas que lle imponen as administracións, no artigo 14 da



O Sr. Alcalde toma a palabra: Señora Chelo, ten que rematar

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Lei 31 de mil novecentos..Un segundo. De Prevención de Riscos Laborais ao obxecto de garantir a seguridade da saúde no entorno laboral, como medida reactiva e inmediata separación cautelar de don Serafín Núñez Pérez da área de Servizos Sociais.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Rematou?

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: A vostede. Tres minutos trinta e oito segundos. Para lembrarlle cal é o uso democrático do tempo. Para que non se queixe despois. Probablemente sexa vostede quen máis uso do tempo fará. Señor Ramón Padrón, ten tres minutos.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Vamos a volver a recalcar a irresponsabilidade do Partido Popular de traer isto hoxe, convocar, porque o poden facer porque teñen seis concelleiros, a lei permítello, convocar un pleno extraordinario, e traer este asunto cando o puido traer no anterior pleno, en vez das dúas mocións irrelevantes que trouxo. E con relación, estamos esperando dende Compromiso por Barbadás, que conteste o señor Serafín Núñez, sobre todas estas acusacións, que diga como está funcionando o servizo de axuda no fogar, en vez de que o señor Tenente Alcalde nos faga un discurso político, e non saímos de aquí con nada en limpo. Entón, hoxe que hai xente aquí, hoxe que está o salón de plenos case abarrotado, que non pasa nunca, non sei por que, quixera saber porque pasa hoxe e non pasa outras veces. Entón, gustaríanos que se falara do servizo de axuda no fogar e agora nas acusacións que deu a señora Chelo Vispo, sobre a gardería municipal, acusacións moi graves que se responda dende o señor responsable do servizo, que é o que está pasando, ou que nos diga que está todo funcionando moi ben, cando non é así porque hai, levamos case os tres anos con seis, cinco, catro, seis, traballadoras de baixa do servizo de axuda no fogar. Con queixas dos usuarios. Entón esperamos que neste pleno, senón non sei que viñemos facer aquí, se responda dunha vez e se diga como está funcionando o servizo e se diga se todas esas acusacións son falsas, ou son verdadeiras, ou algo hai. Nada máis.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Ramón, ademais por cingirse moi ben ao tempo. Leva un minuto trinta e oito segundos. A voceira de Democracia Orensana, está na súa quenda de palabra. Ten tres minutos.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Dicirlle á señora Chelo Vispo, o que acaba de dicir da gardería, nós non temos ningún documento acreditativo do que ela está expoñendo. Ela fai que teñamos que crer na palabra dela e non na palabra do compañeiro. Eu para xulgar o traballo dunha persoa, que non



CONCELLO DE BARBADÁS

son quen para xulgar o traballo dunha persoa, tería que aportarme probas do que está dicindo porque paréceme moi grave as acusacións que vostede está facendo. Porque os nenos precisamente, é a parte máis sensible da poboación e é o principio e o primeiro que temos que protexer os seres humanos, como persoas e como políticos. Entón, paréceme moi grave. Pero vólvolle a repetir, señora Chelo Vispo, vostede armou un circo e quere que todos lle bailemos ao seu son porque isto, isto que ven hoxe aquí, é tema dun xulgado, non é tema dun pleno. Non é para armar este barullo porque vostede o que quere son réditos políticos. As eleccións están á volta da esquina. Díxenlle fai pouco nun pleno, que non fai falta avaliar aos funcionarios, que non fai falta avaliar aos políticos, o pobo avalíaos, avalíaos cada catro anos. Aprobado ou suspenso. Tocarán botar catro anos máis no banquiño, pois ao mellor compre porque dende o banquiño da oposición aprendese moito. E sobre todo sabe o que se aprende? Humildade. E para acusar a outra persoa que levante a man, que levante a man quen está libre de pecado. Que levante a man. Porque eu penso que para acusar a unha persoa, ten que haber probas. Porque vostede imaxínese unha pregunta. Eu fágovos unha pregunta a todos. Estamos xulgando a un compañeiro sen probas, cando está nun xulgado. Que pasa se esta persoa, cando sexa o xuízo, se hai xuízo, si se admite a trámites o xuízo, o absolven, quen lle pide perdón? Onde están os danos morais desta persoa? Onde están as lesións desta persoa? É moi grave, moi grave acusar. Penso que é meterse en charcos e eu non me vou a meter en charcos. Eu vou a esperar o que di a xustiza porque creo nela. E se esta persoa é culpable serei a primeira que pida a dimisión del inmediatamente, pero en canto un xuíz non demostre a culpabilidade deste compañeiro, non vou levar eu na miña conciencia acusar a ninguén en vano. Isto que vos valga de lección a todos. Nunca, nunca, facer o traballo que ten que facer outra persoa. Eu non son xuíz e vostede señora Chelo, tampouco. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas de novo. Por favor, pídlle aos concelleiros e concelleiras que garden a compostura debida, ao público. Por favor. Señor Juan Carlos, por favor. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde, durante tres minutos.

O Sr. Fírvida toma a palabra: Ben. Por suposto, tanto Serafín Núñez como Victoria Morenza, como todos os membros deste goberno, contan co apoio do resto dos compañeiros e compañeiras. Sen fisuras. Non é preciso dicir, que Sarín e tamén Victoria, teñen o apoio total de todos e todas nós, porque estamos convencidos e convencidas de que se está a traballar con esmero, con esforzo, con transparencia e con forza de vontade polo ben da cidadanía. Máis tamén, con dignidade e con afouteza. Sarín non intervén porque está en curso nun proceso xudicial e polo tanto, subjúdice, é dicir, pendente de resolución xudicial, e como comprenderán, non vai facer ningún tipo de declaración que



CONCELLO DE BARBADÁS

poida entorpecer a súa defensa xurídica e á que ten dereito como calquera outra persoa. E por suposto, eu tampouco farei ningún tipo de declaración que poida interferir nun proceso xudicial por moitas ganas que me dean e lles aseguro que moitas ganas me dan. Moitas ganas me dan. Mais como xa sabemos, xa están vostedes para facer de acusadores, de fiscais, de xuíces e de executores de condenas. Xa temos ao Partido Popular. Vostedes que miran cara a outro lado cando se traba de malversación de fondos públicos, de cobro en diñeiro B, de construír sedes do seu partido con diñeiro negro, de cubrir a corruptos, de apoiar a gobernos e mandatarios corruptos, veñen a Barbadás a facerse pasar por castos e píos. Máis a súa traxectoria, a do seu partido que tan fervorosamente defenden, os delata. Nós temos memoria. Hai que acudir á memoria deste concello. Ao pasado de Barbadás. Cando Barbadás saía en toda a prensa nacional, nas revistas de ámbito estatal por casos de corrupción urbanística, cara onde miraba o Partido Popular? Cara onde miraba cando había denuncias por corrupción urbanística, señora Consuelo Vispo?. Se nós tivésemos saído nalgún medio de comunicación por algún caso de corrupción urbanística, non nos pedirían a dimisión, pediríannos a cadea perpetua. E o escrito de hoxe á mañá, verdade?, que coincidencia?. O Partido Popular solicita un pleno extraordinario hai once días e curiosamente, pura coincidencia, hoxe á mañá, se presenta un escrito no rexistro do Concello de Barbadás, á mañá na que se vai a ter lugar un pleno extraordinario, se presenta un escrito no Concello de Barbadás, encabezado por unha traballadora que foi concelleira do Partido Popular. Iso é, iso é a forma de actuar do Partido Popular. Información que eles manexan e que nós non. Vostedes poden pedir nun pleno ordinario, calquera tipo de explicación a calquera concelleiro, concelleira deste goberno que vostedes saben que sempre contestamos, cousa que non facía vostede nos oito anos que estivo no goberno, cando nós traíamos cousas aquí e vostede daba a calada por resposta porque non era capaz de falar

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar.

O Sr. Fírvida toma a palabra: Nin de intervir en ningún pleno.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Xosé Manoel Fírvida, ten que rematar

O Sr. Fírvida toma a palabra: Presente isto nun pleno ordinario e Sarín Núñez defenderá

O Sr. Alcalde toma a palabra: Xosé Manoel

O Sr. Fírvida toma a palabra: Porque ese escrito está cheo de mentiras e falsidades e as vamos demostrar nun escrito.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Xa está. Grazas. Polo tanto, ten agora a señora Chelo Vispo un último minuto de intervención. Borrámos de novo e empezamos de novo, veña.





A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Non, non, dá igual.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Empece, empece, por favor.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Señor Fírvida, que teña que volver aos vinte e oito anos do PP porque non ten defensa, paréceme perfecto. Vale? Este señor pode falar dos servizos que está representando tanto de axuda a domicilio como gardería, pero non hai defensa. Mire, a responsabilidade do Partido Popular, por iso trae hoxe este pleno extraordinario, para poñer en coñecemento do plenario e dos veciños de Barbadás o que está ocorrendo durante tres anos e que todo o mundo o sabe perfectamente. Non volva aos vinte e oito anos do Partido Popular. Segua para adiante. Este partido trouxo setenta e oito mocións, setenta e oito mocións, para seguir crescendo Barbadás e vostedes dixeron, non. Vale? Barbadás, en negro? Claro que si, Barbadás en negro. Iso é o que pon no cartel na porta, abaixo. Barbadás en negro. E neste momento hai algo negro sobre algunhas persoas de aquí. E vámolos demostrar.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar señora Chelo, por favor.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): E o vamos demostrar. O que si soamente vou aclarar unha cousa. O escrito que nos, só un momento porque é das traballadoras. O encabezamento do escrito que nos fixeron chegar a nós e o que vostede supuxo non é así, vale?, non é así de que

O Sr. Alcalde toma a palabra: Por favor, está ela na súa quenda de palabra, non está vostede señor Manuel. Remate.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Casualidades de que ese escrito o entregaran hoxe a mañá, entregárono por parte da gardería e das traballadoras do concello. Non o encabeza ningunha traballadora. Firmaron todas. Cando unha persoa mente, mente unha, pero once traballadoras non é normal. E xa se demostrará. Non somos xuíces. Dixémolo neste papel. Non somos xuíces, señor Sarín.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señora Chelo, leva un minuto e corenta e sete segundos, un minuto cincuenta.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Un momento, señor Alcalde, pero temos que traelo para que isto conste. E xa se verá señor Sarín. Grazas señor Alcalde.

O Sr. Alcalde toma a palabra: O señor Alcalde ten unha quenda de palabra e vai ser breve. Vostedes estanse a fartar hoxe da defensa dos dereitos dos traballadores deste concello, fundamentalmente no que se refiren aos Servizos Sociais. Miren, vostedes denigraron a estes traballadores e traballadoras deste concello, no departamento de Servizos Sociais, porque vostedes non foron quen de cumprir o convenio colectivo ao que tiñan que estar incorporadas estas persoas, tanto na gardería infantil coma



no servizo de axuda no fogar. Sistemáticamente obviaron, obviaron, deron a calada por resposta ás súas demandas. E constan por escrito, señora Chelo Vispo. E vostede formaba parte da xunta de goberno local do goberno anterior polo tanto vostede tamén é coñecedora desa situación. E foi este goberno quen, de regularizar a situación desas traballadoras, tanto do servizo de axuda no fogar como no da gardería infantil, chamada Escola Municipal de Barbadás. Vostedes obviaron sistemáticamente as súas demandas, fixeron caso omiso delas. Tiveron que recorrer ao xulgado, ao xulgado, ata que finalmente nós acedemos, acedemos non, por sentenza xudicial, evidentemente, porque ten que ser así, señora Chelo Vispo. Vostedes nada! E eses traballadores e traballadoras, tamén debo dicir en honra á verdade, a vostede non os denunciaron. A vostedes non os denunciaron. Queda aí. Queda aí. Votos a favor desta proposta do punto número un, que foi, a dimisión inmediata do concelleiro de Servizos Sociais, Sanidade e Participación Veciñal, señor Serafín Núñez Pérez. Votos a favor?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Partido Popular, seis votos.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Votos en contra?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Bloque Nacionalista, Partido Socialista, Democracia Orensana e Compromiso por Barbadás.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos, polo tanto queda rexeitado este primeiro punto da orde do día. Pasamos ao segundo punto que é a dimisión do Alcalde, don Xosé Carlos Valcárcel Doval e do Tenente Alcalde, don Xosé Manoel Fírvida Plaza.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Perdón, abstencións. É que non se preguntou polas abstencións.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non se preguntou polas abstencións porque estaban todos votados. Hai que preguntar ou non?, votaron si ou non. Levantaron todos a man.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitado cos votos a favor de PP, e os votos en contra de PSdeG-PSOE, BNG, Democracia Ourensana e Grupo Mixto o seguinte acordo: **“Dimisión inmediata do Concelleiro de Servizos Sociais, Sanidade e Participación veciñal, D. Serafín Núñez Pérez”**

2. SOLICITUDE DO PARTIDO POPULAR DA DIMISIÓN DO ALCALDE, DON XOSÉ CARLOS VALCÁRCCEL DOVAL E DO TENENTE ALCALDE, DON XOSÉ MANOEL FÍRVIDA PLAZA

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos polo tanto ao segundo punto dimisión do Alcalde, don Xosé Carlos Valcárcel Doval e do Tenente Alcalde, don Xosé Manoel Fírvida Plaza. Silvia, que pasou?



CONCELLO DE BARBADÁS

Teñen algunha cuestión que plantexar? Non. Repito. Pasamos polo tanto ao segundo punto dimisión do Alcalde, don Xosé Carlos Valcárcel Doval e do Tenente Alcalde, don Xosé Manoel Fírvida Plaza. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O Sr. González toma a palabra (PP): Boas tardes señor Alcalde, señores concelleiros e público asistente. Pídlle desculpas ao público porque acaban de presenciar aquí me imaxino que se é máis do mesmo, van ter para contar durante unha larga tempada. Sobre o señor Sarín está todo dito, non vou entrar máis. Xa o porá o señor xuíz no seu, xa ten escapado dalgunha destas, xa ten escapado un pouquiño pero desta eu penso que vai a ser a verdadeira. O que pasa é que a pregunta é, podería o señor Serafín Núñez Pérez, facer todo isto que fixo sen o apoio, sen autorización, sen o ánimo, sen a cobertura e mesmo sen o encubrimento dos seus xefes? Penso que a resposta é clara, que non. Eles foron consentidores e colaboradores necesarios e así o vou a demostrar. O alcalde presidente deste concello permitiu o maltrato dos traballadores sen mover un só dedo. Sen atender ás queixas nin deles nin dos sindicatos que os representaban. Vostede señor Alcalde mirou para outro lado como miran os consentidores cando senten coma o veciño maltratador mallan na muller e fan que non escoitan ou soben a televisión. Claro que a estas alturas o noso alcalde estará a pensar que o erro foi pactar co BNG, cun BNG parásito que ano tras ano quita os cartos das concellerías do PSOE para engordar as do BNG. Habería que preguntarlle a dona Marga pero como non puido asistir, foi unha pena, porque ela era testemuña fiel e claro do que se lle leva agochado ás concellerías do PSOE en favor das do BNG. Vostede señor Valcárcel pactou cun BNG que vai por libre e fai o que quere neste concello. É coma se tiveramos dous gobernos municipais distintos. O que se diría unha esquizofrenia municipal, non?, unha serpe de dúas cabezas. Polo tanto vostede señor Valcárcel é o primeiro e é o maior e é o último responsable de ter a don Serafín de facer o que fixo durante máis de tres anos, porque o tema non é de agora. Isto xa ven de longo. Xa ven de longo. Por todo isto pedimos a súa dimisión. En canto a don Xosé Manoel Fírvida Plaza, flamante tenente de alcalde deste concello, tanto que o Bloque di defender ás mulleres, tanto que di defender aos traballadores, tanto co que se lle enche a boca con que son progresistas, vaites oh!, todo é fachada. Lémbrese daquel pleno, don Xosé Manoel, no ano 2015, debía ser o primeiro, dicíame que parece mentira que alguén do Partido Popular nos vaia a dar leccións de ética e democracia. Pois vaia que llas temos dado. Vaia que as ten levado señor Fírvida. E voulle dar unha máis, se eu fora vostede como responsable do BNG en Barbadás, dimitiría inmediatamente. Tiveron vostedes en tres anos máis denuncias dos traballadores deste concello, que o PP en vinte e oito anos. E iso está aí rexistrado. Despois a demagogia que fai o BNG tenos moi



CONCELLO DE BARBADÁS

acostumados. Máis denuncias nestes tres anos ca nos vinte e oito anos do Partido Popular, e senón á consultar os rexistros, que os feitos son consecuentes e claros. Perderon miles de euros dos veciños en indemnizacións e sentenzas, en avogados e en lérias de lérias, unha vergoña. Levan perdido unha serie de cartos. Xa llo cuantificaremos, non se preocupe, temos tempo. Teñen unha RPT que custou unha morea de cartos, agochada nunha caixa forte. Para os veciños que non o saiban, a RPT é unha relación de postos de traballo, por se alguén non o sabe. Nunha caixa forte collendo telarañas. Vale? E aínda por riba perderon a clave da caixa. Aí van os cartos, aí están e aí está para todo, perdido. En fin, señor Fírvida, que non hai por onde collelos. Dimita por dignidade e leve con vostede ao señor Sarín. Xa sei, xa sei que é malo de colocar. Seica din que ao señor Sarín non o botan de menos noutros traballos que tivo anteriormente e el sabe ben por que. Pero que non se preocupe, que con tres anos que leva vindo aquí do concello, xa ten cotizado para estar no INEM unha tempada. Malo será, como dicimos os galegos sempre. Con dona Ánxela non me vou meter. Ela xa ten demostrado que non comulga cos seus compañeiros en varias ocasións e iso é de loubar. Pero só unha reflexión, tanto que defende ás mulleres que tantos cartos despilfarrou na primeira romaría feminista de Barbadás, que está a facer cursos de violencia machista, agora nestes días no CET de Barbadás, para que? Para ver isto? Se o ten ao seu lado. Non fai falta dar leccións a ninguén. Aplíquense. En fin. O problema que hai nesta corporación outros dous culpables. En Barbadás a oposición ten máis votos que o goberno, polo tanto tería capacidade de ter a capacidade durante estes anos, democrática, de impedir os abusos deste bipartito cos seus votos. Ah, claro!, se Democracia Orensana e Compromiso por Barbadás, votaran con xeito nos plenos. A ver que van votar hoxe. Vou deixar fóra a don Santiago, que el acaba de entrar, non ten culpa, pero ollo, mire que a señora Varelas deixouno tirado varias veces. Xa ve onde se meteu. Claro que dona Fina, xa dixo no seu día que ela viña aquí ao que viña. Dixo textualmente que lle arranxaran o camiño da súa casa en Loiro e que xa estaba farta de que a herba do mesmo lle chegase a unha parte moi sensible da súa feminina anatomía que eu por educación non vou mentar aquí. A pobre si que engana aos votantes de Democracia Orensana. Ben, está aí. As actas están aí, calquera pode consultalas, que son públicas, libres e gratuítas. Menudo bulo foi dona Fina, aquí de ser o azoute do goberno. Onde está a súa televisión? Claro, trouxérona un día e ao ver o que ela facía, volveron e non volveron por aquí avergoñados. Agora resulta que Democracia Orensana converteuse na muleta do PSOE. Acabámolo de ver todos. Hai testemuñas suficientes. Na muleta do PSOE e do BNG para substituír a don Ramón, por iso agora o señor Fírvida, ataca coma lobo enrabechado ao señor Padrón porque xa non depende do seu voto. Vótase a el coma unha fera. Os veciños deben saber que para as



municipais que Democracia

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Manuel, leva cinco minutos, quince segundos

O Sr. González toma a palabra (PP): Moi ben señor Alcalde.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Remate e ten unha segunda intervención.

O Sr. González toma a palabra (PP): Non hai problema ningún. Rematamos na seguinte.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Polo tanto ten a palabra o señor Ramón Padrón. Cinco minutos.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Agora xa quedou claro quen montou o pleno extraordinario. Claro, porque é o que lles gusta estas cousas así. Para iso váiase ao Congreso dos Deputados ou para aí adiante, que é o que...aquí hai que resolver as cousas dos veciños e non montar isto. Porque isto é o de sempre. O ano pasado pasou o mesmo e o anterior pasou o mesmo. Cando se acaba o ano, o Partido Popular, monta os dous plenos extraordinarios que ten por lei e santos e bos. E despois dedícanse aquí a falar doutra cousa. Entón, aquí parece que Compromiso por Barbadás está na oposición e está no goberno. Uns montan uns plenos extraordinarios cunha responsabilidade total, cando isto o puideron debater fai quince días, cando xa sabían todo isto porque xa estaba admitida a querela, segundo nos decatamos nós, o quince de novembro, xa estaba admitida o cinco de outubro, creo recordar, e xa puideron traer isto a un pleno ordinario, que aquí hai un pleno cada mes. Que isto non é o concello de non sei, de San Amaro ou por aí, que ao mellor terán un pleno cada seis meses. Aquí hai un pleno cada mes. Puidérono traer e debatíase moitísimo máis e seguramente responderían dende o goberno, que non o están facendo. Que esa é outra. O goberno, os que veñen aquí nomeados, non responden. E non responden do seu servizo. E non é verdade o que di o señor Tenente Alcalde que non van a responder porque, porque incorrer co medo, non sei que. Non. Estámolle preguntando que respondan do seu servizo que son responsables. Non lle estamos pedindo aquí que fagan declaracións sobre o acoso, as lesións e o que é que é tema de xulgado. Nós estámolos interpellando polo funcionamento do servizo. Que é o que lle interesa aos cidadáns. Pero aquí, parece que se está metendo na vida persoal das persoas, acusándoa xa como fixo o señor portavoz do Partido Popular fai un momento, que parece que xa estaba dando por feito esas lesións, e eses acosos, cando aínda non hai nin sentenza xudicial, nin hai xuízo tan sequera, nin hai nada, eh!, entón mire por onde van. Mire o que están facendo e sexan responsables diante dos veciños e non monten un circo. Eh! Aquí vimos a debater dos servizos dos veciños e de momento neste pleno aínda non se falou nin de axuda no fogar, nin da gardería infantil, nin o señor responsable dixo que estaba funcionando ben ou mal, ou había estes problemas, sen necesidade de meterse na vida de ninguén. Estamos falando dun servizo



CONCELLO DE BARBADÁS

municipal que os veciños teñen dereito a saber como está funcionando e os problemas que ten. Uns darán unha visión, o que está no goberno dará outra visión, pero os veciños necesitan oír falar sobre os servizos municipais.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Ramón. Utilizou dous minutos corenta segundos, nada máis. Pode proseguir a señora Fina Varelas. Ten cinco minutos.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Que mágoa. Que mágoa, que mágoa. escoitar o que é o discurso que fai o meu compañeiro. Esperábame un discurso brillante, vindo dunha persoa brillante. Encóntrome un discurso frío, gris, frío, triste e gris. Un discurso patético. Un discurso acusador. Un discurso que sinala ca man a un culpable que aínda non o é. Vostede sabe en que proceso estamos? En instrución. Sabe que significa instrución, cando está unha cousa en instrución? Achega de probas. Como vostede ten a cara e a senvergoñería de acusar a unha persoa, acusar a unha persoa, a unha persoa, ou vostede agora exerce de xuíz?. E volve aclarar un termo que hoxe que hai público quero que o escoiten. Eu entrei en política polas inxustizas cara veciños e cara a miña persoa que facía o Partido Popular en Barbadás. E díxenme, se a min que son unha persoa de mundo, que sei por onde ando, tómanme o pelo, que será a algún veciño, algún veciño como algún que sei, que ten necesidades e se rin del. Entrei en política, para axudar aos meus veciños. Non con afán de diñeiro, nin con afán de protagonismo, nin con afán de amasar e amasar, e amasar, como nos antigos gobernos. E o meu sitio, neste momento é na oposición. E na oposición, tócame velar polos veciños. E velarei, pero non teño ca o Partido Popular, darlle explicacións. Esta explicación que dei, deilla aos veciños de Barbadás porque hoxe hai algúns. E estou moi satisfeita que me escoiten. E señor Manuel, non acuse, porque hoxe é o señor Sarín, ao mellor deica unha tempada pode ser vostede. Gustaríalle? Gustaríalle que na súa profesión o acusaran, que levantaran o dedo contra vostede? Sen probas. Gustaríalle? Sexamos persoas. Sexamos persoas ante todo. O político ten que ser un ser humano, non un acusador e menos un xuíz, porque isto é unha pallasada. Mire por onde se mire. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Fina Varelas. Señora voceira do Partido Popular, señores concelleiros e concelleiras do Partido Popular. Maio 2019. É a data que está marcada no calendario. Eleccións municipais. Conforme se achega esa data vostedes empezan a estar nerviosos e nerviosas, sumamente nerviosos e nerviosas. Miren. Vostedes non saben o que é a democracia aínda. Aínda non saben o que é a democracia porque a democracia consiste en aglutinar vontades e apoios. Vontades e apoios. Aglutinar, sumar, sumar. Miren, vostedes non conseguiron os apoios suficientes para gobernar Barbadás, como lles pasa en tantos outros concellos desta provincia, de Galicia e do





CONCELLO DE BARBADÁS

resto do Estado e en outras institucións e administracións. Pola súa incapacidade de chegar a acordos con outras forzas políticas. E a pesares de ser o grupo maioritario deste concello, por 200 votos, eh!, non se crean que foi por tanto, por 200 votos, non chegaron a consenso con ninguén. Con ninguén. Neste senso quero agradecer a confianza a quen apostaron por un goberno diferente, de cambio e de progreso, e a quen nos manifestas as súas críticas construtivas, día a día durante estes tres anos. Pero vostedes forman parte dun partido que nesta sociedade xera rexeitamento maioritariamente. Son vostedes o partido que máis rexeitamento xera na sociedade, tanto española como galega e por suposto tamén provincial. Rexeitamento. O Partido Popular xera desconfianza, crispación e inquedanza e a proba está aquí, os seus concelleiros dedícanse a crispar. Vostedes queren utilizar as mesmas armas que utilizou Feijóo no seu momento, enfangando o terreo de xogo sobre o anterior goberno da Xunta de Touriño. Mire, para iso utilizaron supostos exemplos de escándalos, de despilfarro, como os usos dos coches oficiais, o das cadeiras dunha sala de xuntas, concursos públicos supostamente amañados como o concurso eólico, ou o que é peor, abondar no descrédito persoal con ataques á vida privada de membros do goberno nacionalista e socialista. Son as tácticas habituais do seu partido e que son usadas para esconder as prácticas propias dunha organización que día si e día tamén está na prensa e nos medios de comunicación. Non de Barbadás nin da provincia de Ourense, nin de Galicia, senón do Estado. E aos feitos me remito. Hoxe, novamente volve haber unha noticia a nivel estatal que fala da caixa B do Partido Popular. Da caixa B do Partido Popular. E neste caso vostedes non poden agochar a cabeza porque fala do financiamento ilegal, suposto financiamento ilegal do Partido Popular en Galicia do que vostedes forman parte. Non nós, vostedes, forman parte, e dende hai moitos anos. E dende hai moitos anos. Ben. Ataques que utilizan ademais procesos xudiciais abertos contra persoas sen consistencia xurídica, baixo acusacións falsas, ou de parte, e que levaron debido á inxustiza que aínda temos no noso país e no noso estado a procesos que se demoraron no tempo, en moitos anos. E vostedes recorren ás mesmas tácticas, á mesma estratexia de descrédito persoal aproveitando unha denuncia persoal contra un concelleiro, para facer o maior dano, non só político, senón buscando condena social. E por outro lado, buscando responsabilidades políticas nunha concelleira que o único que fixo foi arranxar problemas herdados do goberno do Partido Popular. Aquí hai veciños e veciñas de Loiro que teñen que dar fe diso. Que teñen que dar fe diso. E falará a concelleira no seu momento para aclaralo, que se dedica con intensidade a atender á veciñanza co afán de mellorar a súa calidade de vida. Cousa que non ocorría cando a auga estaba contaminada con arsénico co nivel dez veces por encima do permitido, e vostedes mirando para outro lado. Atendendo con esmero as súas demandas e



CONCELLO DE BARBADÁS

preocupación por poñerlle solución á maior brevidade posible. E esa é a súa estratexia de cara ás eleccións municipais do ano que ven. Ante a súa incapacidade de artellar unha alternativa política, de facer a oposición construtiva, van a usar o descrédito das institucións e dos seus membros utilizando asuntos xudiciais sen dirimir onde corresponde, nos xulgados. Por tanto, deixemos actuar á xustiza coa prudencia e decoro que debe acompañar á actuación política. Están vostedes diante dun goberno digno. Alieo á suposta corrupción e especulación urbanística que afectou durante anos e anos a este Concello de Barbadás. E repito, suposta. Un goberno próximo á veciñanza. E cun único obxectivo, solventar os problemas do noso concello dun xeito efectivo. Nós estamos moi tranquilos. Vostedes deberían tranquilizarse tamén. En maio xa coñeceremos tamén a sentenza democraticamente emitida polas nosas veciñas e veciños, durante a actuación política destes catro anos. Falamos dun goberno que se caracteriza pola austeridade nos emolumentos dos seus concelleiros e concelleiras. Dicirille aquí aos veciños e veciñas, que un concelleiro ou concelleira con dedicación exclusiva gaña 1.200 euros ao mes. Había tenentes de alcalde que gañaban o dobre. E concelleiras que gañaban 400 euros máis ca estes señores. Iso é público. Falamos dun goberno que se caracteriza pola austeridade dos emolumentos dos concelleiros e concelleiras, pola súa implicación e polo afán de aplicar políticas progresistas e innovadoras, pero que a cortedade de miras do PP, non acada a comprender propostas e iniciativas en igualdade, iniciativas para o comercio local, melloras nos servizos sociais, como é o cheque para aqueles pais e nais que non conseguen ter os fillos na gardería infantil, o incremento de máis do cen por cen nas axudas de emerxencia social, por exemplo. Cantidade de melloras nos parques e xardíns e infraestruturas. A existencia dunha concellería de turismo. Estamos a traballar, e imos seguir traballando con gañas e ilusión e nin vostedes nin ninguén nos vai a parar. Van a ter que seguir esperando ata maio como mínimo e despois a cidadanía de Barbadás decidirá. E por suposto estamos orgullosos do noso traballo. Do traballo desenvolvido por todos os membros deste goberno. Sen excepcións. Respaldamos sen fisuras a súa actuación política polo tanto non temos nada de que avergoñarnos, nin temos ningún motivo para dimitir. Un traballo que moitos e moitas queren entorpecer e incluso boicotear, pero que dende logo, estamos aquí con máis forzas e máis gañas, día a día, solventando os atrancos de todo tipo. Sigo despois, un minutíño. Moitas grazas. Señora Chelo Vispo, ten tres minutos, ten tres minutos de tempo. Perdón, Manuel.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Ponse nervioso.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non, non estou nervioso señora Chelo. Eu digo o que teño que dicir e vostedes téñeno que escoitar, afortunadamente. Empece señor Manuel, por favor.





CONCELLO DE BARBADÁS

O Sr. González toma a palabra (PP): Cando vostede me diga. Dende logo, señor Alcalde, unha vergoña o que está a facer aquí. Como mente e como intenta defenderse falando de historias. Nós non falamos de Filesa, non falamos dos ERE, que foi a maior vergoña europea, nin vamos falar. Aquí vimos a falar dos problemas de Barbadás. E vostede, coma sempre, escapa pola tanxente. Porque esa é a súa estratexia que agora copiou do BNG. Fale dos problemas. Don Sarín non se pode defender porque está subjúdice. Vale. Deféndano vostedes. Que fixeron durante este tempo? Eu non o ataquei, como dicía dona Fina Varelas. O que pasa que tiña o escrito e leumo a min, pero tíñallo que ler a dona Chelo, non a min. Eu non o ataquei para nada. Eu só falei de vostedes. El xa se defenderá onde se teña que defendes, que xa leva escapado dalgunhas. Dalgunha destas, co que levan feito en tres anos, malo será que non caia. Vou acabar o que estaba a dicir antes, que os veciños é importante que saiban, que sobre todo para as municipais, que o que fixo Democracia Orensana neste concello foi un experimento con gaseosa. Aínda que ao mellor, non fai falta porque está visto que o señor Jácome xa non conta con ela para as próximas. Grazas a deus, deuse conta. Entón faranos un favor a todos. En fin, dona Fina, pese a todo, espero que vote en conciencia a favor desta petición de dimisión, senón quedará ben retratada. E por último tería que referirme ao meu benquerido amigo don Ramón Padrón Calviño, que é o responsable de moito do que está pasando neste concello por darlle o goberno a quen llo deu, mal que agora lle pese. A estas horas a bo seguro que xa sabe o que lle vou dicir. Canto se terá arrepentido don Ramón de terlle dado o goberno de Barbadás a este bipartito? Que foi daquel documento, que foi daquela acta case que notarial que firmaron con luz e taquígrafos e o pouco que lle fixeron para Piñor? Foi para maior mérito a señora Morenza, que el di a Vita, e vostede con que se vai a presentar para os veciños en maio? Que conseguiu? Non o sabe. Catro anos de desgoverno e de perder tempo. Barbadás atrasado. San Ciprián, Pereiro, todos os concellos limítrofes están medrando. Nós vamos como vamos. Entón voulle dicir eu, conseguíu para Barbadás os catro anos peores de goberno municipal da súa historia. Pobre don Ramón se puidera volver atrás, dirá pola calada. O que pasa é que non mo vai recoñecer porque nesa postura masculina, e mesmo gonadal que ten de como fai de costume, da que fai gala vostede con frecuencia, pois vaise manter nela, aínda que se equivocara. Con tal de non me dar a razón aguanta estoicamente e mesmo de xeito masoquista cando o señor Fírvida se mete con vostede, despois de darlle o goberno municipal. Tome nota. Pois agora ten a posibilidade de emendar. Vótenos a favor desta dimisión. Vote a favor das vítimas e non dos agresores, don Ramón. Voullo dicir en castelán para que se entenda mellor, “de humanos es errar y de sabios rectificar”. Foi errar humano, errando o cartucho co que tiro, ben llo dixen, e sexa sabio



CONCELLO DE BARBADÁS

rectificando, don Ramón. En canto ao señor Alcalde, dende logo, eu dicía ben que era o máximo responsable disto porque, o problema do señor Sarín non é o que acabou de acontecer agora. Nin sequera é o problema da gardería municipal. É o que leva feito nestes tres anos. Unha detrás outra. Unha trasnada detrás doutra. Dende escritos e ordes aos traballadores en servilletas. Dende historias de, incluso, me atrevo, non vou cualificalas porque vainas cualificar quen lle corresponde, e dende logo voulle dicir dona Fina que nós aquí non estamos como xuíces. Líbrenos deus, non é a nosa profesión nin nos compete.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Manuel ten que rematar.

O Sr. González toma a palabra (PP): Grazas señor Alcalde.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non, grazas é rematar. É rematar dando as grazas.

O Sr. González toma a palabra (PP): Se é verdade que nós estamos para pedir responsabilidades políticas, non xudiciais. Moitas grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Tres minutos vinte e dous segundos. Isto non vai mal. Eh! É que a señora Miriam está dicindo que non acabou o tempo.

O Sr. González toma a palabra (PP): Ela ten moito corazón. Eu son máis frío . eu xa estou acostumado ás súas mostras de ditadura e de ... sempre a cotío. Os espectadores veno hoxe pero nós vémolos todos os días.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Vostede ía utilizar agora a palabra de indisciplina e esa palabra é a que o retrata a vostede. Sistemáticamente. Equivocouse. Era aplicable a vostede.

O Sr. González toma a palabra (PP):Xa se ve.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Correspóndelle ao señor Tenente Alcalde, tres minutos.

O Sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Non. Non. Era a primeira intervención. A segunda, perdón. Señor Ramón, ten tres minutos.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Moitas grazas. Non me van facer falta. Xa non lle vou contestar máis, señor Manuel porque esta, ía dicir tontería, pero ben, isto que se dedica vostede a dicir sempre, xa lle contestei moitas veces, o que pasa que vostede para a galería séguese facendo e a vostede gústalle moito actuar. Valía para actor de tele series. Valía moi ben. Vostede nos seus adentros sabe perfectamente que tiñamos a razón no seu momento. Incluso ma deu vostede a min persoalmente do que facíamos porque vostede entende moi ben a realidade, a política e as cousas. O que pasa é que vostede cando se pon o traxe de político poisponse o traxe de político e gústalle facelo moi ben, e faino ben. Pero iso non é o que demandan hoxe os veciños. Entende? Non demandan ese tipo de



CONCELLO DE BARBADÁS

proclamas que vennos espetar vostede aquí, día tras día. Hai veces que se pon a falar e fala razoablemente e entende as cousas, e sabe como se debe traballar para os veciños. Pero outras veces ponse en plan político, porque non sei se é porque lle gusta medrar no partido, ou ben, gústalle, entón pois ponse nese plan e tira para adiante. Nada, volvemos criticar outra vez ao goberno aquí porque séguese sen falar neste pleno sobre o funcionamento da axuda no fogar, agora extensible á gardería municipal. O goberno segue sen defender o seu, a súa xestión durante estes tres anos na axuda no fogar. Entón seguímolo botando en falta. Nada máis.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Ramón. Ten a palabra a señora Fina Varelas.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Ben. Despois xa de oír ao señor Manuel, dicir que é un provocador nato. É unha persoa que lle encanta a polémica. Unha persoa que se dedica a insinuar, a faltar. Ten unha verborrea moi grande. E eu penso que este pleno non se fixo coa finalidade de saber se dona Serafina, ou Fina, vaise presentar ás próximas eleccións. Penso que non vimos a debater iso. Deixemos de banalidades. Estamos aquí e agora. Estamos ante algo moi grave que a min, dende que fun notificada, preocupoume e preocúpame. Estamos a falar de vidas de persoas. Estamos a falar de compañeiros que queren traballar e están traballando polos veciños. Déixese, a min pódeme atacar o que queira pero pense nos veciños e déixeme un pouco porque eu non son a que lle estorba aos veciños. Eu quero axudar ao goberno que estea gobernando. Eu, no pleno pasado, respondinlle aos membros do PP, en concreto a dona Chelo, que se ela para o ano que ven, entraba en política ela, entraba a gobernar, e eu seguía no meu posto da oposición, pensaba axudala porque non ía axudar a ela, ía axudar aos meus veciños. Aos que me debo. E así o farei entre quen entre. Dende a oposición, dende o goberno ou ata dende a miña casa porque penso por e para os veciños de Barbadás. Entón, a súa retórica de descualificacións cara o compañeiro, señor Ramón e cara a min, sobran. Vostede, fai un circo só. E á xente non é tonta. A xente pensa. A xente ve. A xente escoita. E as manipulacións páganse. Señor Padrón, voulle dicir unha cousa, el non é político. Un político de verdade toma isto en serio e un político de verdade pode preguntar que é o que pasa pero nunca, nunca ven, atacando á oposición porque non está do lado deles. Non señores. Eu vou estar do lado da verdade. Sempre, sempre e sempre. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Fina Varelas. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

O Sr. Fírvida toma a palabra: Señor Ramón Padrón. Claro que podemos vir a falar aquí do servizo sociais. Sabe o que sucede? Que nós non vimos a participar dun circo. Vimos aquí a traballar con



CONCELLO DE BARBADÁS

seriedade. Con seriedade. Xa o dixen antes. Con valentía e con afouteza. E non participamos de circos montados mediaticamente polo Partido Popular. Mire. Nun pleno ordinario como vostede di que se podían traer estes asuntos, teña vostede por seguro que o señor Sarín Núñez, vai a defender a súa actuación ao longo de todos estes anos no goberno de Barbadás. E vai a dar cumpridas explicacións de todo o referido á gardería municipal porque todo o que pon nese escrito, ao que fixeron referencia, é todo absolutamente falso e el vai desmontar cada unha, cada unha das cousas que figuran nese escrito. Tamén o podía facer eu. Tamén podo vir aquí cun listado de contradicións que se manifestan nese escrito pero non o vou facer porque eu non vou participar nun circo mediático do Partido Popular. Nun pleno ordinario daremos cumpridas explicacións. Non estamos nun pleno ordinario. Estamos nun pleno extraordinario. E o señor Manuel xa nos ten acostumados á súa retórica habitual. Acudir ao insulto, á crispación, buscando sempre a sentenza de persoas que só viñeron a este concello a traballar polo ben da cidadanía. Claro, cando o señor Manuel di que este é o peor goberno da historia de Barbadás, pódese lle perdoar porque esta persoa nunca viviu en Barbadás e polo tanto non tiña ningún coñecemento do que pasaba no noso concello, os vinte e oito anos anteriores a cando el foi concelleiro porque non sabe o que pasou neste concello os vinte e oito anos anteriores e diso ben o resultado electoral do Partido Popular. Ben, hoxe só lle faltou señor Manuel pedir a dimisión de Fina Varelas e de Ramón Padrón, porque os atacou máis a eles que ao grupo de goberno. Por iso isto é un puro esperpento. Xa o dixemos antes. E nada máis. En todo caso eu quero tamén facer unha mención porque despois non vou ter posibilidade de falar para defender á compañeira Victoria Morenza, que é unha traballadora que se ten esforzado por este concello, unha traballadora que está as vinte e catro horas do día e todos os días da semana á disposición da cidadanía deste concello. Que leva moitas áreas e de moita responsabilidade do Concello de Barbadás, e polo tanto nós a consideramos, e eu persoalmente, un pilar fundamental no Concello de Barbadás. E por iso, o Bloque Nacionalista Galego tamén vai votar en contra da súa dimisión.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor voceiro, señor Manuel, do Partido Popular. Ten un minuto, agora. Lémbrollo 1:08

O Sr. González toma a palabra (PP): Grazas señor Alcalde.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Sexa disciplinado, que era a palabra que ía a utilizar vostede antes. Sexa disciplinado.

O Sr. González toma a palabra (PP): Home, non me faga trampas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non, non lle fago trampas.





O Sr. González toma a palabra (PP): Xoga con trampas coma sempre.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Coma sempre.

O Sr. González toma a palabra (PP): Déixame falar ou vai falar vostede.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Cero segundos van transcorridos, eh!. Mire onde está a trampa. Mire se ten a razón a señora Fina dende o momento que di que vostede é un provocador. Cero segundos.

O Sr. González toma a palabra (PP): Non. É vostede quen me cortou a palabra.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Cero segundos. Cero segundos.

O Sr. González toma a palabra (PP): Señor Alcalde, provocador é quen esconde e agocha ese ditoso cronómetro, eh!, que o ten sempre aí e todos sabemos como o usa. Levamos tres anos aquí. Agora non vamos de guais porque hai público. Está gravado. Todo o que eu dixen está gravado. E iso é o que lles doe. A todo isto, porque non falaron coa vítima ningún de vostedes? Eh! Parece mentira, vaia vergoña de representantes do goberno e vaia vergoña de representantes da oposición que temos aquí. Menudas axudas. Vostedes son tan responsables como ... xa llo dixen, vólvollo repetir señora Fina, por lle votar a favor, por lle estar facendo muletilla continuamente a este goberno. Miren si se preocuparon por ela. E que ademais o problema non é desta traballadora soa, nin sequera do servizo de axuda no fogar. Vouno repetir a ver se ao dicilo dúas veces, claro que se o señor Alcalde non atende pois non temos moito que facer. Despois sairá por peteneras coma sempre. Pero ben, os demócratas xa se ve como son.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Rematou?

O Sr. González toma a palabra (PP): Ah! Menos mal. Nin se decatou do que dixen, señor Alcalde. Nin se decatou. Coma sempre.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si. Si, decateime.

O Sr. González toma a palabra (PP): A súa democracia é tan pequeniña, xa lle dixen un día, a demagogia de esquerda deste país e neste concello é tan pequeniña, as eleccións democráticas poden dar que ata é vergoña. Pero ben, está gravado. Veno con testemuñas, non pasa nada. Preguntáballe señor Alcalde se vostede como responsable máximo como é que non se puxo en contacto con esta traballadora coa situación que ten. Despois de múltiples queixas que lle puxo e están metidas aí por rexistro de entrada

O Sr. Alcalde toma a palabra: Seg a súa intervención. Seg a súa intervención, facendo demagogia.

O Sr. González toma a palabra (PP): Dóelle. Si, non, cando falamos aquí do PP estatal non facemos



demagogia.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Manuel, ten unha advertencia. Isto non é guirigai, isto non é un galiñeiro. Vostede usou un minuto de tempo, excedeuno xa e segue vostede na dinámica. Eu escoitando aquí,

O Sr. González toma a palabra (PP): Descúlpeme señor Alcalde. Por que me chama a atención? Polo que digo aquí ou

O Sr. Alcalde toma a palabra: Eu escoitando aquí, eu escoitando aquí.

O Sr. González toma a palabra (PP): Ou me vai dicir o que teño que dicir? Cal é o motivo da chamada de atención?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Porque non está na súa quenda de palabra, señor Manuel. Excede o tempo.

O Sr. González toma a palabra (PP): Se non avisou nin cortou o tempo. A ver, a ver.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Sen comentarios. Sen comentarios. Vostede estase retratando señor Manuel. Dinlle as grazas por ser unha intervención breve.

O Sr. González toma a palabra (PP): Retrátase vostede. Retrátase vostede. O que pasa que non lle gusta o que dicimos, pero ben, non por calar a verdade vai a deixar de tela. Non, non, prosiga vostede. O malo é a traballadora está onde está, e os demais tamén están onde están, e o servizo está coma está. E a gardería municipal está como está. Dáme gusto que atenda agora e que non atenda cando lle correspondía, iso si que é ...

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Manuel, advertido unha vez, está. Miren. Vou proseguir na miña intervención que non a rematei antes. Estamos orgullosos, o tempo, por favor, ti non interviñeches. Eu si, remate, eu remato, podo rematar o pleno. Mire, señor Manuel, voulle responder ao último que vostede dixo. Eu estiven reunido varias veces coa señora traballadora. Varias veces. Non unha, nin dúas, nin tres. Varias. Varias. Evidentemente despois da acusación, non. Non. Pero varias. Insisto, nin unha, nin dúas, nin tres. Moitas veces. Moitas veces. E no vou dicir o que se falou aí, por respecto á traballadora. Vale? Vostede fale do que saiba, do que non saiba, non fale. Que vostede é moi dado a falar do que non sabe. A prexulgar á xente. A prexulgar á xente e polo tanto iso é unha forma de comportamento que non se estende soamente aquí á vida política neste pleno, senón que seguramente vostede prexulga tamén aos veciños e veciñas, en función da súa cor política. Seguramente. Seguramente. Cousa que este goberno, non fai. Non fai. Mire. Dicía que este goberno está por suposto, orgullosos e orgullosas do traballo desenvolvido por todos os seus membros. Sen



CONCELLO DE BARBADÁS

excepcións. Sen excepcións. Respaldamos sen fisuras a súa actuación política, polo tanto non temos nada de que avergoñarnos. Nada!. E ningún motivo para dimitir. Un traballo que moitos e moitas queren entorpecer, neste concello. Entorpecer. Sistemáticamente. Incluso diría eu que premeditadamente. Premeditadamente. E falo de boicot e de pór paus nas rodas, e nós aquí imos a loitar cada día con máis gañas, con máis ilusión para solventar todos estes atrancos. Un traballo que agora digo e recalco, quixemos facer durante estes tres anos, estes tres anos, sen acritude ningunha, sen airear as múltiples incidencias e anomalías que o anterior goberno popular deixou sobre a terra deste concello. Tentamos solventalas pouco a pouco. Pero é chegado o momento, dende este día, é chegado o momento de que a cidadanía vai ter coñecemento das súas diversas irregularidades. Traballaremos para denuncialas. E unha delas vouna denunciar agora. Agora mesmo. Xa anticipei antes. Vostedes non foron quen de cumprir coas obrigas legais en relación aos traballadores e traballadoras deste concello. Nunca. E tíñanas por escrito. Nunca. Vostedes pagáronlles os salarios máis baixos que podía haber, sen dar cumprimento á lexislación. Sen dar cumprimento á lexislación. Iso é unha anomalía. E dirémolo. E por que estes traballadores e traballadoras se mantiveron calados durante moito tempo e esperaron, e esperaron a que este goberno de progreso chegara ao poder? Pois non o sei. Habería que preguntarlle a eles e a elas. Habería que preguntarlle. Outra cousa das que nos podemos vanagloriar aquí e agora, hai actividade sindical, señora Chelo Vispo, señor Manuel, e señora Miriam, e señor Juan Carlos, porque o señor Juan Carlos seguro que non o sabía. Hai actividade sindical, antes non había. Non había actividade sindical. Tal que cero. Tal que cero. Estou na miña quenda de palabra, señor Manuel. Respecto e disciplina, por favor. Por favor. Por favor. Ás actas nos podemos remitir e xa as expuxen nun pleno aquí. E chegado o momento de que a cidadanía vaia sabendo cales foron as falcatuadas, as supostas falcatuadas do goberno do Partido Popular. Encargarémonos, encargáronos de presentalas diante da cidadanía. O único interese que nos move para gobernar o Concello de Barbadás, non é outro que o interese xeral. Un termo que vostedes no Partido Popular, descoñecen. Absolutamente descoñecen. Mire, no seu partido o único que priman son os intereses vencellados aos poderes económicos. É o único que prima. Fundamentalmente urbanísticos. Deixando de lado ao conxunto da veciñanza. Recalco e repito. E dígoo con tranquilidade. Que se escoite ben clariño o que estou dicindo. Vocalizando. Este goberno non ten débedas con ninguén. Nin está atado a ningún tipo de presión. E cando digo que non ten débedas con ninguén, refírome a poderes fácticos ou económicos. Só nos debemos aos veciños e veciñas de Barbadás. Esa é a única débeda. E está respondéndome un señor que non vive en Barbadás. Que non vive en Barbadás.



Pero ben, esa é a súa táctica, a súa dinámica. Votos a favor deste punto da orde do día, que é a dimisión do Alcalde Xosé Carlos Valcárcel Doval e do Tenente de Alcalde, don Xosé Manoel Fírvida Plaza.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Partido Popular.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Abstencións? Votos en contra?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Partido Socialista, BNG, Democracia Orensana e Grupo Mixto.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos a favor de PP e os votos en contra de PSdeG-PSOE, BNG, Democracia Ourensana e Grupo Mixto o seguinte acordo: **“Dimisión do Alcalde, D. Xosé Carlos Valcárcel Doval, e do Tenente de Alcalde, D. Xosé Manoel Fírvida Plaza”**

3. PETICIÓN DO PARTIDO POPULAR DA DIMISIÓN DA CONCELLEIRA DE URBANISMO, INFRAESTRUTURAS, VÍAS, OBRAS, SERVIZOS E VIVENDA, DONA VICTORIA MORENZA DOFORNO.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ao terceiro punto da orde do día que é a dimisión da Concelleira de Urbanismo, Infraestruturas, Vías, Obras, Servizos e Vivenda, dona Victoria Morenza Do Forno. Vou anticipar que vai intervir ela soa. Ou sexa, ela soa en representación do goberno. Non vamos a tomar ninguén máis a palabra. Ela soa. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Moi boa tarde a todas e a todos, compañeiros de corporación, especialmente a todo o público asistente, que por unha banda teño contrastados dous sentimentos. Por un lado, estou orgulloso de que acuda tanta xente a este pleno de hoxe, porque non é habitual velo así, en todas as sesións plenarias que levamos a celebrar nestes tres anos e medio de lexislatura. Pero o sentimento contrastado, dígoo porque a outra banda é que hoxe teñamos que traer aquí, dende o Partido Popular, coa nosa responsabilidade política, a petición de dimisión de catro compañeiros. A verdade é que a min, particularmente non me gusta absolutamente nada, ter que pedir a dimisión de compañeiros. É así o vou a manifestar e que vaia por diante. Que sucede? En moitas ocasións vémonos obrigados de ser responsable cos compromisos nos que os cidadáns nos puxeron aquí. Despois de escoitar o discurso político do señor Alcalde, onde non reflectiu ningún tipo de medida para actuar e resolver a actual problemática que está a xurdir en servizos sociais, axuda a domicilio, gardería, traballadores municipais desa mesma área, sen ir máis lonxe. Quero motivar a petición deste punto terceiro que traemos hoxe, e se me excedo do tempo non vai pasar nada porque vou utilizar a



segunda intervención para elo, señor Alcalde, así que non imos ter ningún tipo de problema

O Sr. Alcalde toma a palabra: Alégame sabelo.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): De que me teña que interromper a palabra. Digo que quero motivar a petición de dimisión da señora concelleira de Urbanismo e Obras, señora Morenza, por que? Pois porque levamos mes e medio tratando de pedir unhas explicacións sobre unhas denuncias que nos trouxeron veciños e veciñas deste municipio. A día de hoxe non temos contestación algunha, agás un escrito cunhas evasivas, que o que fan é máis pola en evidencia na súa responsabilidade. E vou ler a petición que fixemos o día 2 de outubro. Pero xa no día anterior, no pleno do día 1, xa solicitamos, na parte dos rogos, que se nos dera información destas anomalías. E que corresponden ao seguinte: os días 18, 19 e 20 de setembro de 2018, en horario de mañá, realizáronse diferentes traballos de albanelería da rúa da Aira da localidade de Loiro. Os mesmos consistiron na apertura dunha zanja na vía pública e dous cortes completos de forma rectangular, no muro de peche da vivenda número 5 de propiedade privada, tal e como mostran as fotografías que se acompañan. E vou pedir á secretaría que acompañe á acta de hoxe, este escrito e estas fotografías, que constan xa no rexistro municipal. Segundo as declaracións dos veciños e veciñas que se atopaban na zona, os traballos realizáronnos operarios municipais. O vehículo utilizado no seu desprazamento, a indumentaria dos mesmos e a sinalización da zona correspondían aos das brigadas do Concello de Barbadás. Indícanos tamén os veciños o seguinte, a grande dificultade que lle supuxo aos traballadores a realización deses cortes na pedra do muro do peche da vivenda, ata térense que alternar entre eles a ferramenta utilizada, unha radial eléctrica e que esta desprendía grande cantidade de po, visible a grande distancia. Que tan só un dos traballadores, portaba no momento dos traballos, elementos de protección individual, consistente de máscara e gafas faciais. Estes detalles visualízanse en copia de fotografías, que non as vou amosar agora, tereinas que amosar cando mas pidan, en determinados lugares, que acreditan esta situación. Por elo, solicitamos á señora concelleira de Urbanismo, á señora Victoria Morenza, que se nos facilitase esta información. A que correspondían os devanditos traballos realizados, tanto de apertura das zanzas, que xa máis ou menos sabíamos que correspondían ao saneamento da localidade, na vía pública, como a razóns e os cortes no muro de peche da vivenda sita na rúa da Aira, número 5 da localidade de Loiro. Motivo polo cal se realizaron esas actuacións na devandita propiedade. Copia da orde ou ordes de actuación cursadas aos traballadores que realizaron esas tarefas nas datas dos días 18, 19 e 20 de setembro de 2018. Nome e apelidos dos operarios municipais que realizaron eses traballos de albanelería, e equipos de protección individual que se lle achegaron aos mesmos e a forma de



CONCELLO DE BARBADÁS

comprobación da súa utilización. A maiores, señor Padrón, vostede lembrárase que no pasado pleno, último, por iso tamén quero xustificar porque hoxe pedimos o extraordinario para pedir a dimisión da señora concelleira, eh!, solicitamos que se, a comparecencia da mesma para indicarnos, primeiro, que pasou nestas actuacións?, como que pasou tamén en distintas actuacións, no levantamento de varios muros, entre eles do camiño do Val en Barbadás, e no Fidalguiño en Sobrado do Bispo?. Non quixo comparecer. E vostede, na súa intervención, pediu que se deran aclaracións por parte da concelleira, pero a incongruencia que a vostede o puxo aquí, xa dende o primeiro día, veu a votar en contra da proposta de comparecencia. Moitas grazas, señor Alcalde.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Grazas a vostede. Cinco minutos, seis segundos, xa ven que non lle interrompín. Pois si, pois si. É de agradecer. Tiña que ser un exemplo para moitos máis concelleiros. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Ben. En relación a antes, que se quedaron varias cousas. Quero deixar claro que este concelleiro, representante do grupo de Compromiso por Barbadás, en canto recibiu a documentación, que se puxo en contacto comigo esa persoa, falei con esa persoa e o meu deber é vir aquí ao pleno, contrastar e facer o que estamos facendo. Para que non se erixa vostede en o único defensor das persoas, como parece que fai exhibición dilo. Tamén quero deixar claro, señor Fírvida, aínda que isto sexa un circo, un pleno extraordinario montado como monta o PP, como fai todos os anos a final de ano, neste caso, pois cadroulle este asunto, entón, o outro ano foi un accidente tamén, entón non queren esperar ao ordinario que o puideron traer xa, xa digo, no pleno anterior porque xa sabían da admisión da querela a trámite do 5 de outubro. Ou sexa, que xa puido vir no pleno ordinario de novembro e non as dúas mocións irrelevantes que trouxeron como xa dixeran antes. En canto a Democracia Orensana, o que dixon, é que eu isto téño-lo que volver dicir, porque agora vólvese aquí en erixir de defensora dos veciños, se é por vostede, a vostede débese esquecer o primeiro ano e medio que botou aquí. Os ataques que nos proferíu, eh! E se é por vostedes hoxe estaba gobernando o Partido Popular, non estaba gobernando este goberno. Entón, cando vostede di de favorecer gobernos que ven aquí con actitude positiva, esquécese do primeiro ano e medio, e volva ás actas dos plenos e mire aquel ano e medio, que fixo vostede aquí en Barbadás. Que máis? O que si, volvemos a pedir, por iso dicimos que o señor Fírvida, que é o seu deber, responder á xestión do servizo de axuda no fogar, e ás preguntas por que hai tanta xente de baixa, por que os usuarios se queixan, por que lle cambian ás persoas que lle van a dar o servizo continuamente, e todas esas cuestións. Iso, teno que responder a xestión, aínda que sexa nun pleno extraordinario e senón, nós



CONCELLO DE BARBADÁS

farémolo no vindeiro pleno ordinario, pois pediremos, por vía dunha moción, que se, para traer outra vez o tema e se realmente se fala sobre a xestión deste servizo tan importante para a cidadanía. Sobre o PP, responsabilidade? Nós fixemos indagacións sobre estas obras que din vostedes que traen, e en principio o que nos dixeron foi que non se actuou en ningunha propiedade privada. Se fora así pois as explicacións que ten que dar a concelleira de Urbanismo, non sei porque camiño as levará. Pero, estamos esperando por elas, dende o outro pleno xa.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Rematou? Grazas. Ten a palabra a señora Fina Varelas, dado que o seu compañeiro agora mesmo non está, supoño que é a voceira. Grazas.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Nada. Dikir que señor Manuel, compañeiro, fala de que aporta fotografías. Eu na moción que teño do Partido Popular, non vin ningunha fotografía aportada. Por outra banda, pregunto se vostede di que o goberno fixo obras en terreos ou sitios particulares, vostede ten autorización do propietario deses sitios para vostede facer fotos de algo particular? Pregúntome. Porque primeiro di de fotos, non aparecen por ningún lado. Segundo, se ten as fotografías, ensínenolas porque nós como compañeiros seus temos que sabelo todo e se ten as fotografías e son de fincas ou casas particulares, pregúntolle por protección de datos, vostede, ten autorización por escrito ou verbal da propietaria de dita propiedade? Porque eu son de Loiro, como vostede sabe e penso que en Loiro non hai tanta polémica como algúns membros do Partido Popular queren ver. En Loiro houbo unha problemática de fai moitos, moitos anos, que ven da época do PP que non deron arranxado e que por fin, estase no final deste proceso. Un proceso largo, un proceso tedioso, un proceso complicado porque xa as cousas son complicadas por si, se metemos a política por medio, mal metendo, aínda peor. Aquí do que se trata é de que unha vez por todas, o tema de Loiro, das augas, quede zaxado. Non sei a que vostede ven pedindo nomes de funcionarios ou de obreiros que anduveron así. Vaia vostede anotando para dar-me explicación, a onde quere chegar porque o Partido Popular ten a gran manía de acusar. Moi ben. Acuse, déame as probas e coas probas poderemos actuar. Porque eu coas persoas de Loiro que falei e concretamente coa persoa que vostede fixo a fotografía, non vexo problema ningún. Dígame vostede.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora concelleira, Victoria Morenza. Ten cinco minutos. Por favor.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Moitas grazas a todos e a todas, en especial ao público. Eu vou seguir un pouco a liña que o Partido Popular plantexou na petición deste pleno extraordinario. Entón vou contestar a todo o que este grupo político plantexa. Ordenar a dous traballadores



CONCELLO DE BARBADÁS

municipais á realización de varias obras de albanelería en propiedades privadas, na localidade de Loiro, durante os días 18, 19 e 20 de setembro, esta concelleira non ordenou traballos de albanelería en propiedades privadas. Os días 18, 19 e 20 de setembro, as ordes que lle transmitiron referíanse a detectar acometida existente na rede de abastecemento na rúa do Campo, non vou dicir número por protección de datos, en estrada de Loiro. O día 18 a orde dada ás 7:39 minutos, mentres que os días 19, a orde dada ás 7:27 minutos e o día 20, orde dada ás 7:13 minutos, a orde foi seguir en Loiro picando para o abastecemento. Esas foron as ordes que a este grupo político non lle valen por que son ordes dadas por Whatsapp, entón non lle son admisibles. Lémbrolle que hai persoas, directores xerais incluso que dan ordes por Whatsapp. Directores xerais, persoas xefas de servizo, con 40 e 50 persoas ao seu cargo que dan ordes por Whatsapp e dan destinos e formas ás que debe ir cada traballador por Whatsapp. Estas ordes seguen unha planificación xeral segundo a dificultade que presenten os traballos e vanse realizando a medida que os veciños e as veciñas de Loiro confirman o seu consentimento. Lembremos que en Loiro, había un problema de salubridade pola presenza de arsénico, dez veces superior ao permitido, unha herdanza que recibimos do Partido Popular, moitas grazas, motivo polo que este goberno adoptou as medidas necesarias para protexer a saúde dos veciños e das veciñas, explicándolle en diversas asembleas veciñais cal era a situación. En setembro de 2015 e despois de desinfectar o depósito que o Partido Popular non desinfectou, empezouse a subministrar auga potable, e iniciáronse os trámites para a municipalización da rede. O Partido Popular tampouco iniciou os trámites para municipalizar esta rede. E ben, en toda esta, en todo este procedemento o grupo de goberno adoptou a decisión de axudar aos veciños e veciñas para regularizar a situación, debido a que era custoso afrontar as obras que se lle esixen, entón está colaborando, abrindo e pechando zanzas e facendo rozas na vía pública. Respecto aos EPI's dicirlle que a estes dous traballadores facilitáronse os equipos de protección individual que require a lexislación. Incluso a un deles entregáronse unhas gafas de protección graduadas. E sobre os EPI's dicirlle, vostedes tamén insinúan que non se lle dan EPI's a todos os traballadores, dicirlle que se lle dan EPI's a todos e a todas as traballadoras. Actualmente 17 persoas. Dáselle tamén información de como usalos. Esta información xa se lle dá cando se entregan. Cúmprese coa lei dende o momento cero. Tamén se lle dan equipamentos, incluso a persoal de oficina pola súa seguridade e pola súa saúde. Entre as obrigas do empresario, como todos sabemos é a de proporcionar EPI's. E a obriga do traballador, tamén o sabemos, é facer uso dos mesmos. Non teño constancia de que falten EPI's, antes de comezar a traballar para o Concello de Barbadás, todos os traballadores reciben equipos de protección. Estamos



CONCELLO DE BARBADÁS

en permanente contacto coa empresa de prevención de riscos laborais e todos e todas, os traballadores, realizan un recoñecemento médico inicial. Antes non se facía. A esta concelleira non lle foi comunicada a carencia ou deficiencia, relacionada cos EPI's e coa vestimenta. A persoa que ocupa o posto de oficial de primeira encargado de brigada, colabora coas concellerías de Obras e Parques e Xardíns, na labor de velar pola utilización dos equipos, tendo a instrución de que ante calquera carencia, necesidade ou defecto, adopte as medidas e instrucións necesarias para que en caso de perigo grave inminente e inevitable, os e as traballadores e traballadoras poidan interromper a súa actividade ante a adecuación ou regularización dos mesmos. E despois, xa por último, ben, o de ocultar información, xa fun respondendo a todas esas preguntas. Si quere doulle máis información na segunda intervención. E despois sobre a negativa de comparecer ao pleno, saben vostedes que iso é unha falsidade absoluta porque non existe negativa algunha. Votouse a urxencia e non obtivo o partido Popular a maioría necesaria para a comparecencia desta concelleira que non sería no pleno anterior senón no seguinte, coma di a lexislación. E despois por último, xa, sobre a responsabilidade na construción de muros e peches de predios particulares, con recursos humanos, económicos municipais na localidade de Barbadás, dicirlles que vostedes xa faláron disto en dúas ocasións e en ningún momento dixeron os muros aos que se referían. Agora unha vez que din aos muros aos que se refiren, pónenlle nomes e apelidos, eu si estou en tempo contesto ou senón...xa non estou en tempo. Xa contesto na segunda intervención.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Excédese catro segundos, polo tanto para que vexa que os outros partidos teñen máis democracia en canto ás intervencións. Ten unha segunda intervención posteriormente. Está na súa quenda de palabra o señor Manuel. Ten tres minutos.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Grazas, novamente señor Alcalde. Señora, por empezar por alguén e rápido, señora Varelas, a ver, se vostede non está pendente nas diferentes intervencións, nas sesións plenarias anteriores onde falábamos destas fotografías, como se nos achegaron e demais, pois eu non lle teño culpa. Non teño culpa de que estea ausente. Señora Morenza, de verdade llo digo. Eu viña cunha expectativa. Viña a este pleno cunha expectativa de que se me convencían os seus argumentos, se de verdade xustificaba todas esas actuacións, incluso estaba disposto a retirar esta petición de dimisión porque a cidadanía de Barbadás non merece actuacións deste tipo. Nin merece que esteamos aquí a pedir a dimisión de ningunha compañeira. Pero non me está convencendo. Non me está convencendo porque non está dando resposta ao que se lle pediu xa dende o primeiro momento. Si. Esas fotografías tamén as temos nós. Tamén as temos. Pero mire, vostede mesma se bota



CONCELLO DE BARBADÁS

a perder cando trae aí por escrito diferentes cousas que plantexa, que está a dicir, acaba, son todos os presentes, son todos os presentes testemuñas do que acaba de dicir vostede. Acaba de dicir que as ordes que deu aos traballadores as realizou por Whatsapp. Pois voulle dicir porque falamos de ocultación de información. Escrito de dona Victoria Morenza en contestación ás preguntas sobre o tema de como deu esas ordes. E di, “os traballos de apertura da zanja corresponden a tarefas que o Concello de Barbadás está efectuando en Loiro para facilitar a implantación efectiva das instalacións da acometida de auga potable, relacionadas coa municipalización do servizo de abastecemento. As ordes foron efectuadas verbalmente”. Claro, si se entende verbalmente a poñer unhas verbas no teléfono, no Whatsapp, se cadra si. Pois esta é a incongruencia, que nos está a mentir, nos está a enganar. Señor Alcalde, pídlle que non compute o tempo de interrupcións e mo sume ao final da intervención.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Mire, leva dous minutos once segundos. Vámolo deixar en que leva dous. Vale? Prosiga.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Ben. Entón o que lle acabo de dicir. Non está xustificando por que se levantou o muro no Camiño do Val, eh!, que ademais foi arranxado

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Non me deu tempo. Non me deu tempo.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Arranxado cunha subvención. Ben. Non dixo por que se levantou ese muro nunha titularidade privada. Non dixo por que se efectuou e se levantou o muro no Fidalguiño que ademais está paralizada a obra porque agora parece ser que Patrimonio, parece ser que Patrimonio, lles dixo que non está ben feito, que a pedra a utilizar non é a correcta e está paralizado para cambiarlle a pedra. Tamén o van ter que soportar os veciños de Barbadás? Van ter que soportar tamén os veciños cos cartos dos seus petos, como pasou en Loiro, porque non sei se se lembrará, que a grande maioría dos veciños de Loiro, e hoxe hai aquí moitos deles que poden dar fe do que estou dicindo, se pagaron dos seus petos, eh!, os cortes nas súas propiedades, ben nas fachadas das súas vivendas, ou ben dos seus muros, pagárono do seu peto para instalar contadores. E vostedes están utilizando cartos de todos e recursos humanos deste concello para facer actuacións e insisto, e o digo, a gravidade non é dicilo, é facelo, actuacións en propiedades privadas. E mire, dicíamos aquí que para que o pleno extraordinario que xa actúan os xuíces, me dá a impresión de que van a ter que actuar tamén con isto, señora Morenza. E sabe o por que? Venme aquí a falar da Lei de Protección de Datos para non dar-me o nome dos traballadores. Pero vostede que pensa, que me chupo o dedo? Pensa que me chupa o dedo? Vostede leuse a Lei de Protección de Datos?, eh? Se quere facilítolle un manual



que elaborou

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Manuel, catro minutos, leva.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Señor Alcalde

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non, non, leva catro minutos na segunda intervención, señor Manuel.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Utilizarei a terceira intervención para rematar.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Se quere un minuto, catro minutos, para que vostedes sigan dicindo e desacreditando ao Alcalde no xogo democrático do uso da palabra. Catro minutos. Catro minutos.

O Sr. González toma a palabra (PP): O problema non é dicilo, o problema é que está gravado.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si, si, o problema é vostede coa súa indisciplina. Pero ben, así...Señor Ramón, ten vostede a quenda de palabra.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Dicía antes que a información que temos é que se fixeron, como dixo a señora Morenza, picar para o abastecemento. Agora ben, se operarios do concello fixeron algún burato no peche para a colocación do contador, iso non pode ser porque iso teno que pagar o propietario como o paga todo o mundo. Iso non pode ser. Iso é grave. Ou sexa que supoño que a señora concelleira estará ao tanto de se iso, se é verdade ou non. En tal caso se é verdade habería que haber unhas probas que testemuñaran que eses traballadores estiveron picando no muro. Se estiveron na vía pública, non. Entón, terao que contestar a señora concelleira. Temos que dicir tamén sobre a información nosa do Camiño do Val, creo que é, sobre o tema dos muros, o que se nos dixo foi que se lle fixo o muro porque esa persoa deu o retranqueo e parece que se chegou a ese acordo. Explicaránolo a señora Morenza porque parece que lle quedou sen explicar. E ben, moito máis non temos que dicir salvo o que dixemos xa hai dous anos, trouxemos unha moción, e foi porque o ano pasado tamén votamos en contra do orzamento municipal, porque este goberno está facendo investimentos noutras cousas que nós non consideramos esenciais para o benestar dos veciños do concello, que son os que contribúen cos impostos ao mantemento do mesmo e dixemos sempre que o servizo de obras está en precario. Necesítase material, necesítanse vehículos e necesítanse unha serie de ferramenta que hoxe os operarios municipais non teñen para o inmenso traballo que precisa este concello porque é un concello de moitos residentes con moitas pistas e moito traballo diario. Pero este goberno decidiu gastar moreas de cartos, en investimentos superfluos ,que non van a traer ningún rédito ao concello e aparte están perdendo o tren do despegue da comarca, que se nos están adiantando outros concellos. E ben, esperando as contestacións da señora concelleira, volvemos a dicir, sería un feito grave que se demostrase iso, porque cando todos os veciños teñen que pagar do seu peto esas



actuacións, que se houbera feito unha actuación dese tipo con operarios municipais.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Ramón. Ten a palabra a señora a Fina Varelas.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Ben. Dicirille ao señor Manuel que si sei das fotos porque el mesmo fotos. Así de sinxelo. Sabedes as fotos que ten? Fíxoas el. Que fala delas, pero, tedes algún de vós algunha foto nas vosas mans para velas? Que eu saiba

O Sr. Alcalde toma a palabra: Está intervindo a señora fina Varelas, por favor.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Tédelas? Eu non. Eu non as teño. Sei que as fixo el porque como lle digo ao señor Manuel, vostede insinuou varias veces que eu non son de Loiro, pero eu vivo en Loiro e son de Loiro, e precisamente, cando fixo as fotos vírono. E foi vostede. Así que non veña dicindo que llas mandou ningún veciño coma queixa. Foi vostede a pe feito co seu coche a facer alí as fotos. Pregúntolle, ten autorización do propietario, da propietaria, para facer fotos particulares? Non. As fotos que vostede ten de que son? Da zanza, do camiño ou do muro da casa? Vamos a ver, cal é o problema aquí? Se lle están dicindo, se lle están dicindo que as zanzas en camiño público, ábreas o concello, a ver, vostede acusa, demostre probas porque é moi fácil acusar. Por certo, o tema que se di de que se fai un muro por un tema de retranqueo, iso non o ten porque pagar o concello, obviamente. Unha persoa, se ten unha casa ou unha finca, e ten que facer un muro e retranquear vai ao custe do propietario. Entón, señora Victoria, a vostede acábana, paréceme grave o que lle acaban de dicir que por un retranqueo que teña que o concello facelo, espero que nos dea a pertinente explicación e as probas. Tamén lle pido as probas aos do PP para que mas dean, que é moi fácil acusar sen probas. Aquí podemos todos vir dicindo mil cousas pero onde hai probas sobran as palabras, deses feitos porque eses feitos si serían graves. Eu no tema de Loiro? A xente está contenta. Eu non vin nada cos meus ollos, ningunha ilegalidade. Non vin ningunha ilegalidade pese a quen lle pese. Pese a quen lle pese, non vin ningunha ilegalidade. E cando se acusa a alguén, volvo a dicir porque aquí aos do PP parece que son “señalar con el dedito”, aporten probas se queren que os outros partidos da oposición os apoiemos. A min, falar por falar non, porque a vostede xa o cacei nunha mentira. Dicirme que as fotos que llas mandou un veciño. Anda xa Manuel que fuches ti.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora concelleira.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Moitas grazas. Pois vou empezar polo tema dos muros porque foi o que non me deu tempo a explicar na primeira intervención. Entón dicirille que no Camiño do Val, o propio proxecto incluía a reconstrución de muro, de muros laterais, os da parte de abaixo, os que sosteñen o camiño, que recollía unha partida de 700 euros, e foron os que se reconstruíron con esa



CONCELLO DE BARBADÁS

partida de 700 euros. E despois, mentres se realizaban as obras, habían unhas pedras caídas e xa, sen custe para o concello, xa se reconstruíron creo que dous muros, que caeron, xa lle digo que iso si que é obriga das persoas que realizan as obras si se produce algunha eventualidade deste tipo, é obriga da empresa concesionaria levantar estes muros. Vostedes teñen á súa disposición a certificación de obra para comprobar todos estes datos e non hai ningún custe algún, respecto aos Camiños do Val con diñeiro público. Iso en primeiro lugar. En segundo lugar, o muro do Fidalguiño, vostedes recordarán porque se fixo na súa época, firmouse un convenio urbanístico cos propietarios do terreo da parte superior. Entón o anterior goberno, non sei en que ano, Rafael que é do pobo saberao, construíu o concello un camiño, ou sexa, un muro en dúas caras, a cara que dá á entrada do Fidalguiño e a cara de abaixo que dá ao parque. Quedou mal construído e xa ao pouco tempo xa tiveron que colocarlle un ferro para que non caera. Fíxose de bloque e ben, como isto é unha entrada a unha propiedade pública, existía ese convenio urbanístico e xa o concello fixérase cargo da construción dese muro a cambio de cambiar a edificabilidade nesa parcela, pois decidimos facer, instalar un muro de cachote.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Cale un momentinho, por favor, cale un momentinho que non están escoitando a súa intervención. O tema é importante

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Claro é que senón non me concentro.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ademais é o poñente o que non escoita.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Piden unha explicación pero non a están escoitando.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): ... perfectamente ás dúas bandas, señor Alcalde.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Espere, espere. Ten vinte segundos a maiores, veña.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Eu preciso seguir falando. Non estou en debate. Vale. Entón este concello fixo un proxecto. O proxecto veu aprobado por Urbanismo e o problema foi que ao executarse a obra, esta concellería, o Alcalde e o arquitecto, o director de obra non estaban conformes coa execución da obra entón fixéronlle, ao adxudicatario, volver a reiniciar a obra. E recordámoslle, o Alcalde e esta concelleira que a obra, que a Dirección Xeral de Patrimonio poñía como condición que a pedra tiña que ser morena, entón non me acusen de algo que fun eu quen o propicie. A reconstrución do muro e a demolición do muro, ou sexa, o muro estaba mal e esta concelleira, con ánimo de responsabilidade e axustándose ás directrices da Dirección Xeral de Patrimonio, deu as instrucións pertinentes para que o muro se reconstrúa como ten que ser e como ven no proxecto, e non como quería a empresa concesionaria, que quedaba mal e non se ía dar conformidade. Entón antes de ter máis problemas ou incluso chegar a xuízo, pois decidimos dar



instrucións para que o muro se reconstrúa como está escrito no proxecto. Non teño constancia algunha de que se fixeran, as obras que vostede di en propiedades privadas. E foi a empresa concesionaria

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Que nos está asesorando sobre a Lei de Protección de Datos a que me asesorou de que non se podían dar ese tipo de datos persoais de traballadores.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Remate xa, por favor. Ten o señor Manuel un minuto.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Serei breve, señor Alcalde. Imos ver, terminei a anterior intervención dicíndolle que nin coñece, nin leu, nin sabe de que vai a Lei de Protección de Datos por moito que lle expliquen os técnicos. Se quere teño aquí un manual específico sectorial da Axencia Española de Protección de Datos, onde a información que se lle subministra aos concelleiros e concelleiras dunha corporación, nós a obriga que temos sobre ela é de segredo, pero débesele facilitar e por iso lle falamos de ocultación de información. Mire, estas son as fotos, e por certo señora Varelas, estas non as sacamos nós, aquí é o muro, como estaba, estas pedras e isto é o que se lle fixo. E na parte máis ancha do camiño. Dígame vostedes que necesidade había de retranquear aí o muro. A xente que é de Sobrado, se hai aquí xente, pode pasear polo Camiño do Val e ver perfectamente onde está este muro. Se era necesario retranquear, válgame deus. Sabe ese acordo que vostede fala do muro do Fidalguiño en Sobrado? Lémbrese cando se fixo?

A Sra. Morenza toma a palabra (PP): Firmárono vostedes.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Lémbrese cando se fixo ese muro inicial? Foi un acordo entre o Concello de Barbadás e naquel momento os seus propietarios porque a través dun obradoiro de emprego, se fixo o Fidalguiño e había que dar un paso axeitado.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Manuel. Leva un minuto dezaioito segundos.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP) Pero ben, a guinda do pastel, a guinda do pastel para que todos se decaten. Falaba ai un ratiño, píddolles por favor un pouquiño de seriedade porque é moi importante isto que vou a dicir e o que vou dicir precisamente agora

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pois brevemente porque leva un minuto trinta e dous segundos. Trinta e dous segundos.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Vai ser brevemente señor Alcalde. Falaba vostede

O Sr. Alcalde toma a palabra: Perdoe un momentinho. Por moito que diga a señora Chelo, que non é certo, isto está aquí. E este reloxo non corre máis ca o seu.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Si o meu tampouco.



O Sr. Alcalde toma a palabra: Por favor.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Continúo se me deixan. Podo continuar señor Alcalde?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si, por favor. Ten trinta segundos.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): A parte importante de todo isto e a gravidade, ven en que os traballadores son identificables pola súa indumentaria e porque os veciños os recoñecen porque os coñecen. E dicía o Alcalde que está protexendo, eh!, a persoa de, a persoa laboral deste concello e é unha mentira. Teñen a un traballador, un dos traballadores que realizou esas obras de albanelería e que está realizando, escóitenme ben todos, señores e señoras do público, ese traballador que está realizando esas funcións de albanelería en Loiro, estes días, está contratado coma peón de xardinería. Aquí teño o decreto de Alcaldía. Ese é o abuso laboral deste concello cos traballadores. Están utilizando

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Manuel. Señor Manuel

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): A un traballador como peón de servizos de xardinería, facendo labores de albanel.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Manuel

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Iso vámolos xudicializar porque vostedes

O Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): De peón. De peón.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Victoria, por favor.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Porque vostede, non respectou, vámolos xudicializar.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Manuel, o seu tempo rematou. Xa onde vai, ademais. Xa onde vai. Pero ben. Mire, para vostedes os Whatsapps non deben existir. Non deben existir. Pero existen. Pero existen.

O Sr. González toma a palabra (PP): Non dixó que non ía falar.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Ten dereito.

O Sr. González toma a palabra (PP): Si, si, por suposto. A ti páganche? Ponte en nómina, ven aquí e que te contraten.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pídolles respecto, señor Manuel. O Alcalde deixou intervir a petición da señora concelleira, as dúas quendas de palabra que tiña, pero o alcalde ten dereito a pechar as intervencións, conforme ao que indica o regulamento municipal e ao que indica a lexislación. A lexislación consensuada neste Estado. Vostede, como debe provir de certos grupos políticos, de certos grupos políticos, igual non respecta a Constitución que vostede tanto di que se vanagloria de defender.



CONCELLO DE BARBADÁS

De defender. Porque eu tamén coñezo a súa traxectoria, eh! Tamén a coñezo.

O Sr. González toma a palabra (PP): Alégrame.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Tamén a coñezo. Tamén a coñezo e sei de onde ven. E sei de onde ven. Entón non se vanaglorie tanto de defender a Constitución e a liberdade porque igual vostede está noutro ámbito.

O Sr. González toma a palabra (PP): Dixo que non ía falar

O Sr. Alcalde toma a palabra: Porque vostede igual está noutro ámbito. Mire, os Whatsapps existen

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Xa, Xa.

O Sr. Alcalde toma a palabra: E hai que preguntarlle ao señor Rajoi o que din os Whatsapps, di “sé fuerte, sé fuerte”. Pero os Whatsapps neste goberno utilizámoslos para cousas produtivas.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Seguro.

O Sr. Alcalde toma a palabra: E ademais existen tamén os Whatsapps de audio. De audio, por se o descoñecen, e son verbais. E son verbais. Pero ben, deben descoñecelo. Mire, vostedes, vostedes o que intentan é boicotear a solución a unha situación gravísima que deixaron en Loiro. Aquí hai veciños de Loiro e veciñas, e hai veciños e veciñas de Loiro que están boicoteando sistematicamente a solución deste problema. E repito, e repito. Un arsénico en auga que supera en dez, superaba perdón, en dez veces o permitido en lei. E o que é vergoñento é que haxa veciños e veciñas de Loiro, que sistematicamente fan seguidismo da demagogia do Partido Popular. O que é vergoñento, é que todos os veciños e veciñas de Barbadás, teñamos que pagar a auga de Loiro. A auga salubre e potable. Cousa que non había antes. Cousa que non había antes. Ata que este goberno chegou, e foi o señor Serafín Núñez, a señora Victoria Morenza e este señor, a Sanidade, a debater este asunto. E púxoselle remedio. O que é lamentable é que haxa veciños e veciñas de Loiro que consumindo en exceso a auga, lla paguemos todos os veciños deste concello. Todos. Todos. E iso si que é un problema que lle tiña que preocupar ao Partido Popular e ao que tiñan que colaborar, colaborar para poñer remedio. Para poñer remedio. Votos a favor da moción?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Partido Popular.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Votos en contra?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Votos en contra?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Partido Socialista, BNG, Democracia Orensana e Grupo Mixto.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Queda levantada a sesión.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitado cos votos a favor do PP e os votos en



CONCELLO DE BARBADÁS

contra de PSdeG-PSOE, BNG, Democracia Ourensana e Grupo Mixto o seguinte acordo: “ Dimisión da Concelleira de urbanismo, infraestrutura, vías, obras, servizos e vivenda D.^a Victoria Morenza Doforno”

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 21:00 horas no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

A SECRETARIA XERAL